

**Dirección Xeral
de Relacións Exteriores
e coa Unión Europea**

Informe 2009
de Cooperación Galega



edita_

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Xunta de Galicia

textos e coordinación editorial_

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

fotografías_

Miguel Núñez, Carlos Puga e Oscar Dacosta (reporteiros de AGARESO)
Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Foto de portada: Chus Álvarez

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea

Informe 2009 de Cooperación Galega

Índice

00	PRÓLOGO	09
01	INTRODUCCIÓN	11
02	ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN NO EXTERIOR	13
	2.1 CONVOCATORIAS DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN DE ONGD E OUTROS AXENTES	13
	2.1.1 Convocatoria 2009 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes	13
	2.1.2 Convocatoria 2008 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes	31
	2.2 CONVOCATORIAS DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN DE ONGD	36
	2.2.1 Convocatoria 2009 de programas de cooperación de ONGD	36
	2.2.2 Convocatoria 2008 de programas de cooperación de ONGD	40
	2.3 CONVOCATORIA 2009 DE MICROPROXECTOS DE COOPERACIÓN DE ONGD	41
	2.4 CONVENIOS DE COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN	44
	2.4.1 Convenios de cofinanciamento do ano 2009	44
	2.4.2 Convenios de cofinanciamento de anos anteriores	58
	2.4.3 Iniciativas de desenvolvemento integral (IDI) en Guatemala e República Dominicana	61
	2.4.4 Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica	65
	2.5 ACTUACIÓNS DOUTRAS CONSELLERÍAS	68
	2.5.1 Actuacións da Consellería do Mar	68
	2.5.2 Actuacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	69
	2.5.3 Actuacións da Consellería de Sanidade	70
	2.6 IDENTIFICACIÓN DE PROXECTOS	70
03	AXUDA HUMANITARIA E DE EMERXENCIA	75
	3.1 CONVENIOS 2009	75
	3.2 EMERXENCIAS ATENDIDAS	77
	3.3 OUTRAS ACTUACIÓNS	78

04	ACTUACIÓNS DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO	79
	4.1 CONVOCATORIA 2009 DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN	79
	4.2 CONVOCATORIA 2008 DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN	86
	4.3 CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN	87
05	ACTUACIÓNS DE FORTALECEMENTO DE ONGD	91
	5.1 CONVOCATORIA 2009 DE FORTALECEMENTO E CONSOLIDACIÓN DE ONGD	91
	5.2 CONVOCATORIA 2008 DE FORTALECEMENTO E CONSOLIDACIÓN DE ONGD	94
	5.3 CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA ACTIVIDADES DE FORTALECEMENTO	94
06	FORMACIÓN	95
	6.1 CONVOCATORIA 2009 DE BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO	95
	6.2 CURSOS DE FORMACIÓN	95
	6.3 OUTROS CURSOS	97
07	COORDINACIÓN INTERADMINISTRATIVA	99
	7.1 II ENCONTRO DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS E COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	99
	7.2 CONSTITUCIÓN DA CONFERENCIA SECTORIAL DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	99
	7.3 PREMIO SANTIAGO DE COMPOSTELA DE COOPERACIÓN URBANA	100
08	CONMEMORACIÓNS DE DATAS SIGNIFICATIVAS PARA A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO	101
	8.1 DÍA DO COOPERANTE	101
	8.2 DÍA DOS DEREITOS HUMANOS	101
09	COMUNICACIÓN E PUBLICACIÓNS	105
	9.1 A PÁXINA WEB WWW.COOPERACIONGALEGA.ORG E A ACTUALIZACIÓN DOS RECURSOS EDUCATIVOS	105
	9.2 BOLETÍN GALICIA COOPERA	105
10	ESTUDOS E INFORMES	107
	10.1 PROPOSTA PARA O II PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA 2010-2013	107
	10.2 AVALIACIÓN DO I PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA 2006-2009	107
11	ORZAMENTO DE COOPERACIÓN 2009	109

00 Prólogo

A cooperación galega para o desenvolvemento ten acadado con creces a súa maioría de idade. Os esforzos que dende a Xunta de Galicia se veñen realizando nos últimos anos tradúcense hoxe na existencia dunha cooperación exterior galega recoñecida e apreciada en todo o mundo, onde as nosas accións benefician directamente a centos de milleiros de persoas do planeta. A Xunta de Galicia fixo da súa política de cooperación ao desenvolvemento un exemplo de esforzo e coordinación de todos os actores galegos neste eido, ata acadar os niveis de calidade nos que hoxe se moven todas as actuacións que cada ano se planifican, desenvolven e executan desde Galicia e por profesionais galegos e galegas en materia de cooperación ao desenvolvemento.

Agora temos que dar un paso máis, acadar a madurez da cooperación galega. E para iso o goberno galego deu xa os pasos precisos para a posta en marcha dun auténtico “modelo galego de cooperación”, propio e singular, integrado internacionalmente, a través do cal a Xunta de Galicia asume a responsabilidade de liderar a promoción dunha política de axuda internacional ao desenvolvemento. O noso papel como gobernantes é artellar e coordinar os esforzos dos actores da cooperación galega, e tamén facilitar que se estenda ao conxunto da cidadanía a conciencia de solidariedade e responsabilidade respecto das posibilidades de progreso dos pobos máis pobres do planeta.

O diálogo e o consenso foron, no ano 2009, os piares nos que a Consellería de Presidencia, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, apoiou

as bases normativas dese “modelo galego de cooperación” que se desenvolve no II Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013.

Nestes momentos de dificultades económicas que afectan a todos, a Xunta de Galicia non quere deixar de lado a cooperación e aposta por buscar a máxima eficiencia das axudas, xa que máis que nunca é fundamental aproveitar ao máximo cada euro. O noso obxectivo é pois acadar a excelencia na cooperación galega para o desenvolvemento, aproveitar os recursos que cada ano nos seus orzamentos a Xunta de Galicia dedica a este fin para conseguir con eles poñer o noso gran de area á solidariedade internacional, a loita contra a pobreza e prestar a nosa axuda e experiencia aos pobos en vías de desenvolvemento de todo o mundo para que eles mesmos forxen o seu futuro e sexan protagonistas do seu desenvolvemento.

Ao mesmo tempo, a Xunta de Galicia traballa na sensibilización da nosa sociedade, porque temos moi claro coma dicía Vicente Ferrer que “a traxedia da pobreza no mundo, á que vemos coma unha gran masa humana de rostro desfigurado, non ameaza só aos pobres senón que destrúe espiritualmente á humanidade. Destrúe a fe e a esperanza, a nosa propia alma”.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza
Xunta de Galicia

01 Introducción

O ano 2009 estivo marcado por unhas circunstancias especiais que afectarán o devir da cooperación galega nun futuro próximo. O I Plan director da cooperación galega 2006-2009, marco estratéxico no que se desenvolveu nese período en Galicia a cooperación para o desenvolvemento, tivo no 2009 o seu último ano de vixencia, coincidindo á súa vez co primeiro ano de execución do Plan director da cooperación española 2009-2012.

O fin dunha etapa e o comezo doutra, cos retos, obxectivos, oportunidades e novas experiencias que leva consigo, coincidiron na cooperación galega neste ano 2009, no que ademais de xestionar o presente, o Goberno galego foi quen de xerar o que será o futuro da cooperación galega para o desenvolvemento, o II Plan director 2010-2013. Pero o 2009 non só foi un ano de cambios no marco normativo da cooperación, tamén mudou o escenario político no noso país froito dos resultados das eleccións do 1 de marzo ao Parlamento de Galicia.

O cambio de goberno que os galegos e galegas propiciaron nas urnas e a conformación dun novo Executivo autonómico presidido por Alberto Núñez Feijoo mudaron a adscripción das competencias de Galicia en materia de cooperación exterior. O Decreto 83/2009 do 21 de abril ordena a nova estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia e crea, no seo da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

A dirección xeral traballou arreo nos primeiros meses do novo goberno e froito dese traballo sacou adiante o Plan anual de cooperación para o desenvolvemento 2009, que referendaron os órganos asesores da cooperación galega e finalmente aprobou o 3 de setembro o Consello da Xunta.

O Plan anual 2009 estivo dotado cun orzamento de 11,5 millóns de euros. Destes recursos, o 51,6% destinouse ás convocatorias públicas de axudas a proxectos de cooperación no exterior, sensibilización e formación, consolidación e fortalecemento de ONGD, microproxectos e programas e un 44,5% foi para o cofinanciamento de proxectos de cooperación, formación e sensibilización mediante convenios con axentes galegos e do exterior, proxectos conxuntos coa AECID e multilaterais con outras institucións e convocatoria de bolsas para a formación de expertos en cooperación internacional.

Neste plan a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE marcouse sete obxectivos estratéxicos que dirixiron a política galega de cooperación para o desenvolvemento no ano 2009:

- 1 *Realizar unha política activa e integral de fomento do coñecemento das desigualdades no mundo, de sensibilización e educación para o desenvolvemento.*
- 2 *Fortalecer a todos os actores do sistema galego de cooperación, na procura da integración e o traballo conxunto.*
- 3 *Mellorar a calidade técnica e operativa do sector, orientándoo cara ao cumprimento de obxectivos.*

4 Ampliar e ordenar os instrumentos da cooperación galega.

5 Implicar e procurar sinerxías cos sectores galegos cunha valiosa experiencia para a cooperación.

6 Fomentar o comercio xusto e o consumo responsable.

7 Elaborar estratexias para as prioridades da cooperación galega.

Para cumprir estes obxectivos a dirección xeral apostou pola consolidación da labor de fortalecemento dos alicerces da cooperación galega, de xeito que afrontamos agora a nova etapa regrada polo II Plan director 2010-2013, cun modelo de cooperación no que cada unha das accións que se pon en marcha dende Galicia busca sempre a máxima calidade e o maior impacto posible.

No marco de austeridade fixado polo novo Goberno galego e inmersos nunha crise económica global, é inevitable que os recursos sufran axustes con respecto das previsións orzamentarias iniciais. Neste contexto, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE optou por reducir a velocidade no incremento da cooperación directa (mantendo os compromisos orzamentarios) e apostou pola experiencia e profesionalidade das ONGD no desenvolvemento dunha cooperación de calidade. Ao mesmo tempo acelerouse o proceso de implicación doutras institucións, públicas e privadas, galegas e de fóra de Galicia, no cofinanciamento e corresponsabilidade no desenvolvemento dos programas.

A calidade e eficacia da axuda acádase cunha liña política clara, planificación e coherencia nas actuacións, incremento da coordinación e cooperación de calidade entre todos os axentes e institucións e unha aposta clara pola formación en cooperación para o desenvolvemento e a educación e sensibilización da sociedade.



02 Actuacións

DE COOPERACIÓN NO EXTERIOR

A cooperación exterior galega contou no ano 2009 cun orzamento de 11,5 millóns de euros. Deste importe total, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE destinou 8.249.077€ a actuacións de cooperación no exterior. Con estes recursos, a Xunta de Galicia desenvolveu as actuacións previstas no Plan anual 2009, materializadas en preto dun cento de actuacións en máis de 20 países de América, África e Asia. O novo Goberno galego optou por acometer as súas políticas en materia de cooperación consolidando as ferramentas desenvolvidas nos últimos anos dende a Xunta de Galicia a través das convocatorias de proxectos e programas de cooperación, microproxectos e convenios de colaboración. Ademais a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE solicitou a participación doutros departamentos do Goberno galego en proxectos de cooperación para o desenvolvemento.

Neste apartado recóllense todos os proxectos que, con independencia do instrumento de financiamento, tiveron achegas económicas con cargo aos orzamentos do ano 2009.

2.1 CONVOCATORIAS DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN DE ONGD E OUTROS AXENTES

2.1.1 Convocatoria 2009 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

A convocatoria 2009 das axudas a proxectos de cooperación, tanto para ONGD coma para outros axentes, aprobou 24 proxectos en 12 países cun financiamento total de 3.250.792€, dos que 2.008.709€ se executaron no ano 2009. Estes proxectos dan prioridade á atención ás necesidades básicas dos países nos que se levan a cabo, coma a sanidade e a educación, e abranguen ademais eidos importantes para o desenvolvemento dos pobos coma a sustentabilidade, a educación e xestión ambiental, o abastecemento e saneamento das poboacións, a pesca, o tecido asociativo, as capacidades produtivas e a promoción da capacidade emprendedora dos mozos e mozas destas poboacións en vías de desenvolvemento.

Angola, Ecuador, India, Haití, Guatemala, Honduras, Bolivia, O Salvador, Cuba ou Perú son algúns dos destinos da cooperación galega a través dos proxectos de cooperación que levan a cabo distintas ONGD e os outros axentes.

Os proxectos aprobados na convocatoria 2009 foron os seguintes:

01 Potenciando capacidades para o desenvolvemento sustentable de Chetilla e Magdalena – Rexión Cajamarca.

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: *Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María* – FISC

Código/s CRS: 32161 (agroindustrias), 14030 (abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores), 15150 (fortalecemento sociedade civil)

Contraparte: *Centro Ecuménico de Promoción y Acción Social Norte* – Cedepas Norte

Zona de actuación: Cajamarca

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: contribuír a diminuír os niveis de pobreza e exclusión no ámbito de intervención.

Obxectivos: inserir as familias produtoras de gandería leiteira e os seus derivados nas cadeas produtivas para que aproveiten as oportunidades de desenvolvemento sustentable.

Poboación beneficiaria directa: 180 persoas (50 mulleres, 130 homes)

Orzamento total do proxecto: 202.856,90€

Axuda Xunta de Galicia: 136.076€ (2009: 82.483€, 2010: 53.593€)

02 Proxecto de abastecemento e saneamento aos casaríos de Las Lajas e El Zapotillo no municipio de Marcovia en Honduras

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Enxeñería sen Fronteiras

Código/s CRS: 14030 (abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores)

Contraparte: Alcaldía de Marcovia

Zona de actuación: casaríos de Las Lajas e El Zapotillo (golfo de Fonseca)

País: Honduras

Rexión: Centroamérica

Descrición: usados os recursos do territorio de xeito sustentable e con enfoque de cunca pola poboación do municipio de Marcovia, en correspondencia coas políticas e normas vixentes no país, de cara á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Obxectivos: mellora da xestión do recurso hídrico de xeito sustentable nos casaríos de Las Lajas e El Zapotillo.

Poboación beneficiaria directa: 352 habitantes (177 mulleres, 175 homes) dos casaríos de Las Lajas e El Zapotillo

Orzamento total do proxecto: 180.251,61€

Axuda Xunta de Galicia: 136.654€ (2009: 92.141€, 2010: 44.513€)





03 Fortalecemento das capacidades das comunidades da microcunha do río Sasle para unha xestión sustentable dos recursos naturais, Jinotega, Nicaragua, fase II.

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Enxeñería sen Fronteiras Galicia

Código/s CRS: 14015 (protección dos recursos hídricos)

Contraparte: Fundación de Investigación y Desarrollo Rural (Fider)

Zona de actuación: municipios de San Rafael del Norte e Jinotega, departamento de Jinotega

País: Nicaragua

Rexión: Centroamérica

Descrición: este proxecto constitúe a fase II do proxecto formulado o ano 2008 co título de "Fortalecemento das capacidades das comunidades da microcunha do río Sasle para unha xestión sustentable dos recursos naturais".

Esta fase II contempla actividades formuladas para incidir nas actuacións futuras (capacitacións e sensibilización da poboación), pero está máis orientada á posta en práctica das capacidades e coñecementos adquiridos, principalmente, mediante as actividades de implementación dos plans de manexo de fincas.

Obxectivos: fortalecer as capacidades e sensibilizar da

importancia do medio ambiente a poboación das comunidades de Sasle e Los Horcones para o aproveitamento sustentable dos recursos naturais da microcunha do río Sasle.

Poboación beneficiaria directa: 474 persoas (142 mulleres)
Orzamento total do proxecto: 202.856,91€

Axuda Xunta de Galicia: 154.075,68€ (2009: 89.444,34€, 2010: 64.631,34€)

04 Mellora da calidade educativa e xestión local para o exercicio do dereito á educación dos/as nenos/as e mozos/as de familias indíxenas e familias campesiñas nos núcleos escolares Iguembe, Ity e La Tapera no municipio Villa Vaca Guzmán Chuquisaca – Bolivia

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Fundación Axuda en Acción

Código/s CRS: 11220 (educación primaria)

Contraparte: Fundación Intercultural Nor Sud

Zona de actuación: municipio de Villa Vaca Guzmán (departamento de Chuquisaca)

País: Bolivia

Rexión: América do Sur

Descrición: mellorar a calidade educativa do distrito de Villa Vaca Guzmán para a poboación dos grupos sociais gua-

raní e campesiñas, especialmente nenas e novas mulleres, reducindo as marxes de exclusión social e a disparidade de xénero no sector educativo no marco dos obxectivos de desenvolvemento do milenio (ODM).

Obxectivos: garantir o exercicio do dereito á educación da poboación infantil e xuvenil especialmente nenas e as mozas de 3 núcleos educativos Iguembe, Ity e La Tapera do municipio de Villa Vaca Guzmán a través do fortalecemento do acceso e permanencia escolar, o melloramento da calidade educativa e unha renovada capacidade de xestión de actores locais na educación.

Poboación beneficiaria directa: 4.201 persoas

Orzamento total do proxecto: 271.154,75€

Axuda Xunta de Galicia: 174.076€ (2009: 104.768€, 2010: 69.308€)

05 Plan de promoción do tecido asociativo de 5 iniciativas de economía solidaria en materia pesqueira, con especial énfase no establecemento dun plan de extracción sustentable e a promoción do medio ambiente en 8 comunidades da desembocadura do baixo Lempa (fase III).

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Asamblea de Cooperación pola Paz

Código/s CRS: 31310 (política pesqueira e xestión administrativa)

Contraparte: *Asociación Fundación para la Cooperación y el Desarrollo Comunal de El Salvador*

Zona de actuación: 8 comunidades rurais dos municipios de Tecoluca, San Luis La Herradura e Zacatecoluca.

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica

Descrición: mellora das condicións de vida de 627 familias do municipio de Tecoluca, departamento de San Vicente, e dos municipios de San Luis La Herradura e Zacatecoluca, departamento de La Paz.

Obxectivos: contribuír á mellora das condicións económicas, ambientais e organizativas de 2.393 persoas, 1.240 homes e 1.153 mulleres, de 8 comunidades rurais dos municipios de Tecoluca, San Luis La Herradura e Zacatecoluca.

Poboación beneficiaria directa: 615 persoas de 123 familias, 15 mulleres que forman a rede de comercialización de peixe e 530 alumnos e alumnas (289 nenos e 241 nenas) de 6 centros escolares.

Poboación beneficiaria indirecta: 2.393 persoas (1.240 homes e 1.153 mulleres)

Orzamento total do proxecto: 212.681,27€

Axuda Xunta de Galicia: 175.000€ (2009: 118.844€, 2010: 56.156€)



06 Apoio á soberanía alimentaria e desenvolvemento local no municipio Niceto Pérez da provincia de Guantánamo

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: ACSUR Las Segovias

Código/s CRS: 31161 (produción alimentos agrícolas), 15150 (fortalecemento sociedade civil)

Contraparte: *Asociación Cubana de Técnicos Agrícolas y Forestales*

Zona de actuación: municipio de Niceto Pérez, provincia de Guantánamo

País: Cuba

Rexión: Caribe

Descrición: preténdese contribuír á satisfacción das necesidades básicas da poboación de 23 consellos populares das provincias da Habana, Granma e Guantánamo estimulando o seu desenvolvemento dende un enfoque de soberanía alimentaria que promova a autoxestión dos actores locais no seu propio desenvolvemento.

Obxectivos: fortalecer as capacidades do sector agropecuario para que sexan capaces de abastecer de alimentos a poboación mediante o aproveitamento dos recursos locais, dende un enfoque de soberanía alimentaria.

Poboación beneficiaria directa: 188.570 persoas (94.949 mulleres)

Poboación beneficiaria indirecta: 2.084.630 persoas

Orzamento total do proxecto: 219.419,49€

Axuda Xunta de Galicia: 175.002€ (2009: 110.452€, 2010: 64.550€)

07 Mellora da calidade da atención obstétrica prestada polas comadroas tradicionais e profesionais de enfermaría do departamento de Retalhuleu, Guatemala.

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: *Fundación para el Desarrollo de la Enfermería (Funden).*

Código/s CRS: 13081 (formación de persoal para poboación e saúde reprodutiva).

Contraparte: Ministerio de Salud Pública y Asistencia Social de la República de Guatemala. Unidad Coordinadora del Desarrollo de Enfermería de Guatemala. Udse.

Zona de actuación: departamento de Retalhuleu.

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: diminución da morbi - mortalidade materna e



perinatal na República de Guatemala.

Obxectivos: mellora da calidade da atención obstétrica prestada por profesionais de enfermaría e comadros tradicionais que traballan en comunidades rurais do departamento de Retalhuleu.

Poboación beneficiaria directa: 150 comadros tradicionais, 53 auxiliares de enfermaría, 10 enfermeiras profesionais e 2 enfermeiras das áreas de maternidade do hospital do departamento. 215 mulleres.

Poboación beneficiaria indirecta: a poboación de Retalhuleu: 241.411 habitantes.

Orzamento total do proxecto: 136.884,75€

Axuda Xunta de Galicia: 121.242€ (2009: 72.791€, 2010: 48.451€)

08 Auga potable, saneamento básico e mellora das condicións ambientais, con enfoque de xénero, en 3 comunidades do municipio de Colomba, departamento de Quetzaltenango, Guatemala

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Solidariedade Internacional Galicia

Código/s CRS: 140 (abastecemento de auga e saneamento),

120 (saúde), e 150 (goberno e sociedade civil).

Contraparte: *Asociación pro Agua del Pueblo* (ADP).

Zona de actuación: as comunidades rurais de El Pilar, María Teresa Flores e Santa Anita La Unión, no municipio de Colomba do departamento de Quetzaltenango.

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: contribuír á mellora da calidade de vida da poboación do municipio de Colomba, departamento de Quetzaltenango.

Obxectivos: mellorar de forma sustentable as condicións hixiénicas sanitarias e reducir a vulnerabilidade a desastres de 143 familias de 3 comunidades rurais do municipio de Colomba, departamento de Quetzaltenango.

Poboación beneficiaria directa: 1.001 persoas (499 mulleres).

Orzamento total do proxecto: 202.333,61€

Axuda Xunta de Galicia: 174.534€ (2009: 114.380€, 2010: 60.154€)





09 Educación ambiental comunitaria para o desenvolvemento sustentable da mancomunidade municipal da subconca do río Chipillico - Piura

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Educación sen Fronteiras

Código/s CRS: 111 (educación, nivel non especificado)

Contraparte: *Asociación Chira para la Formación Técnica – Cuenca Hidrográfica Catamayo - Chira*

Zona de actuación: municipalidades de Sapillica, Las Lomas e Lancones. Subconca do río Chipillico (Piura).

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: contribuír ao desenvolvemento integral da educación ambiental comunitaria da poboación da subconca do Chipillico de Piura, Perú.

Obxectivos: mellorar a calidade educativa nas comunidades rurais, articulando a escola pública á familia e as organizacións locais, na subconca do río Chipillico.

Poboación beneficiaria directa: 5.077 persoas

Poboación beneficiaria indirecta: 50. 881 persoas

Orzamento total do proxecto: 587.207,92€

Axuda Xunta de Galicia: 170.208€ (2009: 102.125€, 2010: 68.083€)

10 Fortalecemento das capacidades produtivas, comerciais e organizativas das cooperativas membros da Rede de Cooperativas de Café da Rexión Norte (Recocarno). Terceiro ano.

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Veterinarios sen Fronteiras (Vetermon)

Código/s CRS: 31100 (agricultura), 31194 (cooperativas agrícolas), 99823 (comercio xusto), 15050 (fortalecemento sociedade civil) e 41000 (protección xeral do medio)

Contraparte: *Red de Cooperativas Cafetaleras de la Región Norte* (Recocarno).

Zona de actuación: departamentos do Norte e Nordeste.

País: Haití

Rexión: Caribe

Descrición: mellorar as condicións socioeconómicas de pequenos e pequenas produtores/as dos departamentos do Norte e Nordeste da República de Haití respectando e fomentando a protección do medio ambiente e a defensa da soberanía alimentar nesta rexión.

Obxectivos: fortalecer as capacidades produtivas e organizativas da *Red de Cooperativas de Caficultores del Norte y Nordeste* (Recocarno).

Poboación beneficiaria directa: 5.940 pequenos produtores



e produtoras (2.419 son mulleres) de café membros das 8 cooperativas de caficultores que forman Recocarno.

Poboación beneficiaria indirecta: 30.260 persoas, familias das beneficiarias/os directas.

Orzamento total do proxecto: 183.995,72€

Axuda Xunta de Galicia: 174.594€ (2009: 105.271€, 2010: 69.323€)

11 Ampliación da oferta educativa do centro de formación laboral “Rafael Reyes García” (C.F.L.) na comunidade de Acahualinca

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Solidaridade Internacional Galicia

Código/s CRS: 11330 (formación profesional)

Contraparte: Centro Nicaragüense de Promoción de la Juventud e Infancia “Dos Generaciones”

Zona de actuación: comunidade de Acahualinca

País: Nicaragua

Rexión: Centroamérica

Descrición: o proxecto de ampliación da oferta educativa do Centro de Formación Laboral “Rafael Reyes G” pretende dar resposta á crecente demanda e necesidade da po-

boación de Acahualinca de formación laboral.

Obxectivos: contribuir á habilitación da seguridade económica das familias do barrio Acahualinca, mediante o acceso á formación técnico-laboral dos adolescentes, novos, particularmente mulleres, que lles desenvolva capacidades para competir no mercado laboral en condicións dignas.

Poboación beneficiaria directa: 320 persoas

Poboación beneficiaria indirecta: 1700 persoas

Orzamento total do proxecto: 184.330,15€

Axuda Xunta de Galicia: 170.003€ (2009: 102.031€, 2010: 67.972€)

12 Mellora do abastecemento de auga e da situación sanitaria, e fortalecemento da xestión local da auga na comunidade de Lepi, provincia de Huambo

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Acción Contra a Fame

Código/s CRS: 14010 (política de recursos hídricos e xestión administrativa), 14030 (abastecemento de auga potable e saneamento básico – sistemas menores)

Contraparte: Development Workshop (DW)

Zona de actuación: comunidade de Lepi, provincia de

Huambo

País: Angola

Rexión: África

Descrición: o obxectivo da intervención consiste na mellora das condicións de vida da poboación da comuna de Lepi, a través da mellora de acceso á auga e ás instalacións sanitarias así como o reforzo das capacidades locais para a xestión destes servizos.

Obxectivos: mellorar o acceso á auga e as condicións de saneamento na comuna de Lepi e reforzar as capacidades locais para a provisión de servizos de auga e saneamento na comuna de Lepi.

Poboación beneficiaria directa: 1.430 persoas

Poboación beneficiaria indirecta: 15.600 persoas

Orzamento total do proxecto: 200.000€

Axuda Xunta de Galicia: 175.000€ (2009: 104.933€, 2010: 70.067€)

13 Axentes sociais comprometidos co desenvolvemento local, asumen a creación e impulso dun movemento socioeducativo en Villa el Salvador

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Fundación InterRed

Código/s CRS: 11110 (política educativa e xestión administrativa) e 11130 (formación de profesores)

Contraparte: Institución Cultural Teresiana - ICT

Zona de actuación: Villa El Salvador (Lima)

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: o proxecto que se presenta busca promover unha cultura democrática e fomentar o exercicio cidadán en Villa El Salvador mediante procesos socioeducativos na escola e a comunidade, consolidando así o desenvolvemento dunha proposta socioeducativa que incorpore a perspectiva de cidadanía activa e comprometida cos cambios sociais desde unha educación transformadora.

Obxectivos: axentes sociais comprometidos co desenvolvemento local asumen a creación e impulso dun movemento socioeducativo en Villa El Salvador, dando visibilidade á acción das institucións públicas.

Poboación beneficiaria directa: 501 persoas (246 mulleres, 255 homes)

Poboación beneficiaria indirecta: 2.720 persoas

Orzamento total do proxecto: 268.143,90€

Axuda Xunta de Galicia: 159.810€ (2009: 96.129€, 2010: 63.681€)







14 Fortalecidas as capacidades pedagóxico-organizativas da comunidade educativa de 16 comunidades rurais dos departamentos de Chalatenango, San Salvador e La Libertad.

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Educación sen Fronteiras

Código/s CRS: 11120 (servizos e instalacións educativas e formación) e 11130 (formación de profesores).

Contraparte: Fundación de Educación Popular Ciazó.

Zona de actuación: 16 comunidades rurais dos departamentos de Chalatenango, San Salvador e La Libertad.

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica

Descrición: mellora da calidade educativa das comunidades rurais dos departamentos de Chalatenango, San Salvador e La Libertad.

Obxectivos: fortalecer as capacidades pedagóxico-organizativas da comunidade educativa de 16 comunidades rurais dos departamentos de Chalatenango, San Salvador e La Libertad.

Poboación beneficiaria directa: 60 educadores/as e 440 pais e nais e familia participantes no proceso de formación.

Poboación beneficiaria indirecta: 2.503 nenos e nenas

(1.390 nenas e 1.113 nenos) que compoñen a poboación estudantil dos 16 centros escolares e a poboación das 16 comunidades rurais participantes (8.971 persoas - 4.306 homes e 4.665 mulleres).

Orzamento total do proxecto: 187.925,63€

Axuda Xunta de Galicia: 145.028€ (2009: 88.134€, 2010: 56.894€)

15 Fortalecemento de grupos organizados para a pesca artesanal sustentable e a conservación dos recursos naturais na illa de Ometepe

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Amigos da Terra

Código/s CRS: 31310 (política pesqueira e xestión administrativa), 31320 (desenvolvemento pesqueiro)

Contraparte: *Fundación Entre Volcanes e Federación Nicaragüense de Pescadores Artesanales* (Fenicpesca)

Zona de actuación: illa Ometepe

País: Nicaragua

Rexión: Centroamérica

Descrición: mellorar os niveis de desenvolvemento humano e reducir a pobreza nas comunidades costeiras da illa de Ometepe.





Obxectivos: mellora das condicións do sector pesqueiro da illa de Ometepe, baixo enfoques de sustentabilidade medioambiental e igualdade de xénero.

Poboación beneficiaria directa: 782 persoas (381 mulleres, 401 homes)

Poboación beneficiaria indirecta: 3.430 persoas (1.781 mulleres, 1.649 homes)

Orzamento total do proxecto: 185.500€

Axuda Xunta de Galicia: 137.500€ (2009: 81.850€, 2010: 55.650€)

16 Fortalecemento da sustentabilidade da rede comunitaria de medicamentos esenciais e naturais nos departamentos de Alta e Baja Verapaz, el Quiché e Izabal en Guatemala.

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Farmacéuticos Mundi

Código/s CRS: 122 (saúde básica)

Contraparte: *Asociación de Servicios Comunitarios de Salud* (ASECSA)

Zona de actuación: a execución do presente proxecto levarase a cabo en 96 comunidades rurais pertencentes aos

municipios de San Pedro Carchá, Tamahú, Chisec, Fray Bartolomé de Las Casas, Santa Catalina La Tinta, Cobán, El Chol, Cubulco, Purulha, Rabinal, Uspantán, Ixcán e Livingston, dos departamentos de Alta Verapaz, Baja Verapaz, Quiché e Izabal en Guatemala.

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: o proxecto pretende mellorar a cobertura e a calidade da saúde comunitaria a través da Red Comunitaria de Medicamentos Esenciais, nos departamentos de Alta e Baja Verapaz, El Quiché e Izabal.

Obxectivos: 96 comunidades dos departamentos de Alta e Baja Verapaz, Quiché e Izabal viron mellorado o seu acceso aos medicamentos esenciais químicos e naturais.

Poboación beneficiaria directa: 25.920 persoas de 96 comunidades dos 13 municipios de referencia do proxecto.

Poboación beneficiaria indirecta: o resto da poboación situada na área de influencia da actuación, un total de 43.220 persoas.

Orzamento total do proxecto: 214.055,44€

Axuda Xunta de Galicia: 169.919€ (2009: 103.586€, 2010: 66.333€)



17 Fortalecemento das capacidades e habilidades emprendedoras dos/as mozos/as e adolescentes do sector noroeste de Guayaquil

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Fundación Entreculturas-Fe e Alegría

Código/s CRS: 111 (educación, nivel non especificado)

Contraparte: Corporación Viviendas del Hogar de Cristo

Zona de actuación: Guayaquil

País: Ecuador

Rexión: América do Sur

Descrición: contribuír ao desenvolvemento humano sustentable dos mozos empobrecidos, excluídos e vulnerables do sector noroeste de Guayaquil - Ecuador.

Obxectivos: 100 mozos das comunidades do sector noroeste de Guayaquil, potenciaron as súas capacidades e iniciaron emprendementos produtivos por medio dos microcréditos.

Poboación beneficiaria directa: 100 persoas

Poboación beneficiaria indirecta: 400 persoas

Orzamento total do proxecto: 273.866,94€

Axuda Xunta de Galicia: 152.305€ (2009: 91.383€, 2010: 60.922€)

18 Desenvolvemento dun programa integral de atención e defensa dos dereitos fundamentais dos nenos/as, adolescentes, mulleres e familias por medio do apoio da rede de defensorías parroquiais

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Fundación Taller de Solidariedade

Código/s CRS: 15162 (dereitos humanos)

Contraparte: parroquia Santiago Apóstol de Urcos- Asociación Wayra

Zona de actuación: Quispicanchi (Cusco)

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: promoción dos dereitos fundamentais e sensibilización pola mellora da situación social, educativa e laboral dos nenos, adolescentes, mulleres e familia da provincia de Quispicanchi.

Obxectivos: desenvolvemento dun programa integral de atención e defensa dos dereitos fundamentais dos nenos/as, adolescentes, mulleres e familias por medio do acompañamento ás defensoras comunitarias da *Red de Defensorías Parroquiales Teresa Colque*.

Poboación beneficiaria directa: 3.250 persoas

Poboación beneficiaria indirecta: 15.000 persoas
Orzamento total do proxecto: 130.638,58€
Axuda Xunta de Galicia: 103.958€ (2009: 62.982€, 2010: 40.976€)

19 Planificación estratéxica e desenvolvemento organizativo de ANTA. Fase II.

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axentes: *Instituto Sindical de Cooperación al Desarrollo* (ISCOD)

Código CRS: 150 (política / planificación económica e do desenvolvemento), 151 (fortalecemento sociedade civil)

Contraparte: *Asociación Nacional de Trabajadores Agropecuarios* - ANTA.

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica

Descrición: contribuir á mellora das condicións de vida e laborais da poboación campesiña no Salvador.

Obxectivos: fortalecer a capacidade estratéxica e organizativa de ANTA para a recuperación do seu poder propositivo de negociación e incidencia.

Poboación beneficiaria directa: 306 persoas (36 líderes

departamentais e nacionais, 270 dirixentes dos consellos directivos de base e 12 do equipo técnico).

Poboación beneficiaria indirecta: toda a poboación traballadora do sector agropecuario.

Axudas: 102.843€ (2009: 53.103€, 2010: 49.740€)

20 Erradicación do infanticidio feminino en Salem

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos ONGD

Axente: Implicadas/os no Desenvolvemento

Código/s CRS: 15164 (organizacions e institucións da igualdade das mulleres)

Contraparte: *People's Development Initiative*

Zona de actuación: estado de Tamil Nadu

País: India

Rexión: Asia

Descrición: este proxecto traballa por terceiro ano consecutivo o obxectivo de diminuír o infanticidio feminino e para isto buscar diminuír a desigualdade de xénero cambiando as percepcións sociais de homes e mulleres. Ao enfocar o problema deste xeito tamén se incidirá na resolución doutras prácticas que atentan contra os dereitos das mulleres (violencia estrutural, económica, cultural e física) dende a





infancia ata a idade adulta.

Obxectivos: diminuír a discriminación que sofren 2.220 nais de nenas (con risco de cometer infanticidio feminino) dos catro bloques (Omalur, Tharamangalan, Idappadi, Konganapuram) do distrito de Salem, Tamil Nadu, co obxectivo de empoderalas e de que a comunidade respecte os seus dereitos.

Poboación beneficiaria directa: 3.880 persoas

Poboación beneficiaria indirecta: 200.000 persoas

Orzamento total do proxecto: 26.277.33€

Axuda Xunta de Galicia: 24.913,10€ (2009: 15.076,70€, 2010: 9.836,40€)

21 Fortalecemento do sistema público sanitario e da xestión local en saúde da área materno-infantil do hospital nacional xeral "Dr. Jorge Mazzini Villacorta" na República do Salvador

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos outros axentes

Axente: Fundación Galicia Innova

Código/s CRS: 15164 (organizacións e institucións da igualdade das mulleres)

Contraparte: Dirección Regional de Salud Occidental

(DRSO), Ministerio de Salud Pública y Asistencia Local

Zona de actuación: departamento de Sonsonate

País: O Salvador

Rexión: Centroamérica

Descrición: preténdese dar apoio ás medidas de mellora e reforma na xestión da sanidade a nivel de xestión intrahospitalaria, analizando e actuando sobre a distribución dos recursos, a planificación asistencial, a mellora nos procesos de prestación de servizo asistencial e non asistencial, o control da satisfacción do paciente, o papel da muller no sistema sanitario e a mellora das infraestruturas sanitarias, entre outros aspectos.

Obxectivos: fortalecer o sistema público sanitario e mellorar a xestión local en saúde do Hospital Nacional Xeral "Dr. Jorge Mazzini Villacorta" na República do Salvador.

Poboación beneficiaria directa: 1863 persoas (1149 mulleres)

Orzamento total do proxecto: 48.536€

Axuda Xunta de Galicia: 45.236€ (2009: 27.142€, 2010: 18.094€)

22 Programa integral de empoderamento da Federación de Mulleres Cubanas (FMC)

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos outros axentes

Axente: Serviguide, Fundación Galicia Innova

Código/s CRS: 15164 (organizacións e institucións da igualdade das mulleres)

Contraparte: *Federación de Mujeres Cubanas* (FMC)

Zona de actuación: Cuba

País: Cuba

Rexión: Caribe

Descrición: o programa contribuirá ao empoderamento das mulleres, actuando sobre a desigualdade de oportunidades de desenvolvemento das mulleres cubanas, a través de fortalecer a capacidade organizativa e xestora da FMC, e fomentar a reconversión ocupacional das mulleres federadas pertencentes ás cooperativas agrícolas.

Obxectivos: mellorar as capacidades de autoxestión e autonomía da federación de mulleres cubanas, incrementar o acceso laboral das mulleres ao mercado e sensibilizar á sociedade sobre o papel da muller.

Poboación beneficiaria directa: 107 persoas

Orzamento total do proxecto: 125.000€

Axuda Xunta de Galicia: 117.980€ (2009: 70.788€, 2010: 47.192€)

23 Programa piloto de desenvolvemento da mellora produtiva e en inocuidade alimentaria das cooperativas agrícolas na República de Cuba

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos outros axentes

Axente: Fundación Galicia Innova

Código/s CRS: 31120 (desenvolvemento agrario), 31194 (cooperativas agrícolas)

Contraparte: *Asociación Nacional de Agricultores Pequeños* (ANAP)

Zona de actuación: municipio de Guanabacoa

País: Cuba

Rexión: Caribe

Descrición: o programa contribuirá ao aumento dos ingresos dos pequenos agricultores do municipio de Guanabacoa, actuando sobre a desigualdade de oportunidades de desenvolvemento económico das mulleres, e a fortalecer a seguridade alimentaria da poboación cubana.

Obxectivos: mellorar as colleitas dos pequenos agricultores da cooperativa piloto de Guanabacoa.





Poboación beneficiaria directa: 3.046 persoas (881 mulleres)

Orzamento total do proxecto: 47.368€

Axuda Xunta de Galicia: 44.883€ (2009: 44.883€, 2010: 0.00€)

24 Programa para o fortalecemento de pequenos procesadores de leite no suroccidente de Guatemala

Instrumento de financiamento: convocatoria proxectos outros axentes

Axente: Aula de Produtos Lácteos- Universidade de Santiago de Compostela

Código/s CRS: 32161 (agroindustrias).

Contraparte: *Cámara de Productores de Leche de Guatemala*

Zona de actuación: departamentos de Quiché, Sacatepéquez, Totonicapán, Sololá, Quetzaltenango e Chimaltenango.

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: maior desenvolvemento do sector lácteo guatemalteco e mellora da calidade de vida da xente dependente deste, mediante o apoio integral das pemes transformadoras de leite da zona suroccidente do país e axudando

a que se consoliden como xeradoras de emprego e de desenvolvemento rural.

Obxectivos: mellorar as condicións de produtividade de 30 pemes lácteas do suroccidente de Guatemala que reduciron nun 50% as súas producións de calidade microbiolóxica deficiente, formaron ao 100% dos seus recursos humanos en todos os ámbitos da cadea láctea (produción – xerencia - respecto ao medioambiente) e iniciaron, completaron ou actualizaron os requirimentos para o rexistro sanitario oficial e a adecuación á normativa.

Poboación beneficiaria directa: 60 persoas das pemes

Poboación beneficiaria indirecta: 1.500 persoas, pequenas produtoras de leite

Orzamento total do proxecto: 115.478€

Axuda Xunta de Galicia: 89.908€ (2009: 59.294€, 2010: 30.614€)

2.1.2 Convocatoria 2008 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

No ano 2008 foron 31 os proxectos de cooperación aprobados na convocatoria de axudas, dos que 27 tiveron financiamento no ano 2009. Estas actuacións abranguen 13



países de África e América e contaron, no ano 2009, cunha subvención de 1.590.578€. Destes proxectos 25 foron promovidos por ONGD, (1.484.885€) e 2 por outros axentes de cooperación (105.693€).

Os 27 proxectos foron os seguintes:

01 Mellora das condicións sociosanitarias en 2 cantóns e 5 comunidades do municipio de Chalchuapa (departamento de Santa Ana) na rexión occidental do Salvador

Axente: Farmacéuticos Mundi

País: O Salvador

Axuda Xunta de Galicia: 174.919€ (2008: 104.952€, 2009: 69.967€)

02 Mellora da calidade da atención obstétrica prestada polas comadras tradicionais e profesionais de enfermaría do departamento de San Marcos

Axente: Fundación para el Desarrollo de la Enfermería

País: Guatemala

Axuda Xunta de Galicia: 99.923€ (2008: 59.954€, 2009: 39.969€)

03 Planificación estratéxica e desenvolvemento organizativo do ANTA

Axente: Instituto Sindical de Cooperación al Desarrollo

País: O Salvador

Axuda Xunta de Galicia: 94.044€ (2008: 56.426€, 2009: 37.618€)

04 Impulsar procesos de transformación social e educativa a través de propostas educativas comunitarias participativas e innovadoras e mediante a consolidación dun espazo radiofónico alternativo

Axente: Fundación InterRed

País: Bolivia

Axuda Xunta de Galicia: 116.035€ (2008: 58.892€, 2009: 57.143€)

05 Mellora da escolarización e alfabetización en Iwena, provincia de Moxico

Axente: Jóvenes del Tercer Mundo (Ahorra Jóvenes y Desarrollo)

País: Angola

Axuda Xunta de Galicia: 108.133€ (2008: 64.880€, 2009: 43.253€)

06 Construción, equipamento e posta en marcha do centro de desenvolvemento comunal de Haut Palmiste, illa Tortuga

Axente: Asociación PROYDE

País: Haití

Axuda Xunta de Galicia: 98.575€ (2008: 59.145€, 2009: 39.430€)

07 Fortalecemento das capacidades produtivas, comerciais e organizativas das cooperativas membros da Red de Cooperativas de Café de la Región Norte (Recocarno)

Axente: Veterinarios Sen Fronteiras

País: Haití

Axuda Xunta de Galicia: 165.968€ (2008: 99.581€, 2009: 66.387€)

08 Promovendo a conservación dos recursos mariños costeiros e o incremento de beneficios da pesca artesanal no golfo de Fonseca (O Salvador – Honduras - Nicaragua)

Axente: Amigos da Terra Galicia -Xuventude

País: O Salvador – Honduras - Nicaragua

Axuda Xunta de Galicia: 175.000€ (2008: 105.000€, 2009: 70.000€)

09 Fortalecemento do labor educativo das siervas de San José en Perú

Axente: Fundación Taller de Solidariedade

País: Perú

Axuda Xunta de Galicia: 156.298€ (2008: 93.779€, 2009: 62.519€)

10 Manexo sustentable de recursos naturais no alto Marañón no Amazonas

Axente: Fundación Taller de Solidariedade

País: Perú

Axuda Xunta de Galicia: 228.359€ (2008: 137.015€, 2009: 91.344€)

11 Segunda fase de consolidación do desenvolvemento organizativo, produtivo e comercial de seis organizacións labregas do cantón de Junín

Axente: Amarante para o Ecodesenvolvemento

País: Ecuador

Axuda Xunta de Galicia: 109.773€ (2008: 65.864€, 2009: 43.909€)

12 Mellora da saúde da poboación a través da construción e rehabilitación de sistemas de auga potable e saneamento en comunidades dos municipios de Balfate e Santa Fé. Fase II

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia

País: Honduras

Axuda Xunta de Galicia: 151.200€ (2008: 90.720€, 2009: 60.480€)

13 Xestión integral con enfoque asociativo para acadar a soberanía alimentaria en comunidades excluídas da suba-cía do río Macará, na fronteira entre Perú e Ecuador

Axente: Fundación Axuda en Acción

País: Perú

Axuda Xunta de Galicia: 282.116€ (2008: 166.269€, 2009: 115.847€)

14 Fortalecemento das capacidades das comunidades da microbacía do río Sasle para unha xestión sustentable dos recursos naturais, en Jinotega

Axente: Enxeñaría sen Fronteiras Galicia

País: Nicaragua

Axuda Xunta de Galicia: 92.800€ (2008: 55.680€, 2009: 37.120€)

15 Mellora e promoción da educación primaria para nenos, nenas e mozos/as en situación de vulnerabilidade na localidade de Chokwe

Axente: Fundación Madreselva

País: Mozambique

Axuda Xunta de Galicia: 133.560€ (2008: 80.136€, 2009: 53.424€)

16 Plan de promoción do tecido asociativo de cinco iniciativas de economía solidaria en materia pesqueira, con especial énfase no establecemento dun plan de extracción sustentable e a promoción do medio ambiente en 8 comunidades da desembocadura do baixo Tempa (fase II)

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz

País: O Salvador

Axuda Xunta de Galicia: 174.789€ (2008: 104.873€, 2009: 69.916€)

17 Mellora das condicións de saúde, socioeconómicas, legais, organizativas e prevención de desastres naturais, con especial incidencia na igualdade de xénero, dos 5.799 habitantes do barrio de Puerto Rico e os 3.200 do barrio de la Barquita, no sector de Los Mina Norte. Santo Domingo

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz

País: República Dominicana

Axuda Xunta de Galicia: 175.000€ (2008: 105.000€, 2009: 70.000€)

18 Manexo sustentable de recursos hidrobiolóxicos con desenvolvemento humano e social cos pescadores extrac-tores de mariscos e as súas familias da bahía de Sechura

Axente: Amigos de Escaes-Perú

País: Perú

Axuda Xunta de Galicia: 159.455€ (2008: 95.673€, 2009: 63.782 €)

19 Reducir o índice de transmisión do VIH/sida no sector de Farim

Axente: Asociación pola Paz e o Desenvolvemento

País: Guinea Bissau

Axuda Xunta de Galicia: 146.509 € (2008: 87.905 €, 2009: 58.604 €)

20 Mulleres maias inciden ante as autoridades e a socie-dade civil para a diminución da violencia de xénero e a discriminación

Axente: Fundación Intermón Oxfam

País: Guatemala

Axuda Xunta de Galicia: 160.000€ (2008: 96.000€, 2009: 64.000€)

21 Mulleres organizadas a nivel nacional, contribúen ao desenvolvemento local, á loita contra a pobreza e pola equidade de xénero

Axente: Fundación Intermón Oxfam

País: Perú

Axuda Xunta de Galicia: 174.999€ (2008: 104.999€, 2009: 70.000€)

22 Empoderamento de mulleres en Mersa (Fase II)

Axente: Implicadas/os no Desenvolvemento

País: Etiopía

Axuda Xunta de Galicia: 47.624€ (2008: 28.574€, 2009: 19.050€)

23 Fortalecemento da atención sanitaria nas comunida-des de El Molino (municipio Yocalla) e Keluyo (municipio Puna), ofrecendo cobertura de saúde aos seus habitantes

Axente: Asociación pola Paz e o Desenvolvemento

País: Bolivia

Axuda Xunta de Galicia: 152.457€ (2008: 91.474€, 2009: 60.983€)

24 Mellora da calidade educativa das comunidades dos departamentos de San Salvador e La Libertad (fase II)

Axente: Educación sen Fronteiras

País: O Salvador

Axuda Xunta de Galicia: 106.417€ (2008: 63.850€, 2009: 42.567€)

25 Implementación do Centro de Formación Permanente para educadores San Ignacio de Loyola

Axente: Fundación Entreculturas Fe e Alegría

País: Bolivia

Axuda Xunta de Galicia: 158.932€ (2008: 81.359€ 2009: 77.573€)





26 Centro de formación e promoción do turismo**Axente:** Rural Consulting SL**País:** Mozambique**Axuda Xunta de Galicia:** 118.650€ (2008: 71.190€, 2009: 47.460€)**27 Mellora da capacidade de produción e comercialización para os pescadores artesanais da Provincia de Manabí****Axente:** Asociación Nacional de Fabricantes de Conservas de Pescados y Mariscos**País:** Ecuador**Axuda Xunta de Galicia:** 145.582€ (2008: 87.349€, 2009: 58.233€)**2.2 CONVOCATORIAS DE PROGRAMAS DE COOPERACIÓN DE ONGD****2.2.1. Convocatoria 2009 de programas de cooperación de ONGD**

Os programas de cooperación son un instrumento novidoso no desenvolvemento da Cooperación Exterior da Xunta de

Galicia. A de 2009 foi a segunda convocatoria de subvencións para este tipo de actuacións que teñen un horizonte posto no medio prazo e o obxectivo de poñer en marcha procesos de transformación integrais en períodos de 3-4 anos. Os froitos destas axudas serán os primeiros pasos cara o futuro da cooperación exterior de Galicia, achegándonos aos obxectivos marcados na Declaración de París de 2005.

Na convocatoria do ano 2009 foron aprobados 4 programas de cooperación doutras tantas ONGD por un importe total de 2.451.196,72€, correspondendo 735.359,02€ ao ano 2009. A meirande parte destas actuacións rematarán no ano 2012. Nicaragua, Mauritania, Honduras e Bolivia son os países nos que se desenvolven estes programas, en temáticas coma educación técnica no caso de Nicaragua; o fortalecemento da sanidade pública en áreas periurbanas en Mauritania; a redución da vulnerabilidade en áreas rurais de Honduras e o desenvolvemento socioeconómico territorial dunha mancomunidade de Bolivia.

A continuación detállanse os programas financiados na convocatoria 2009:





01 Educación técnica en Nicaragua

Instrumento de financiamento: convocatoria programas

Axente: Fundación Entreculturas Fe e Alegría

Código CRS: 110 (educación)

Contraparte: Fundación Fe y Alegría Nicaragua

Zona de actuación: municipio de Somotillo (departamento de Chinandega); municipio de Ocotal (departamento de Nova Segovia); municipio Ciudad Sandino (departamento de Managua)

País: Nicaragua

Rexión: Centroamérica

Descrición: dando continuidade ao programa subvencionado pola Xunta de Galicia aínda en execución, a presente iniciativa pretende mellorar a educación técnica de ao redor de 2.700 estudantes de cinco centros educativos de Nicaragua, con énfase no desenvolvemento de habilidades profesionais para a súa inserción no mercado laboral.

Os centros educativos son: San Ignacio de Loyola e Instituto Básico Rural Agropecuario en Somotillo; Inmaculada Concepción en Ocotal; e Nuestra Sra. de Guadalupe e San Francisco Javier en Ciudad Sandino.

Obxectivo xeral: contribuír á inserción laboral de adolescentes, mozos/as e persoas adultas, de escasos recursos provenientes de barrios e comunidades marxinais dos de-

partamentos de Managua, Chinandega e Nueva Segovia.

Poboación beneficiaria directa: 1.500 estudantes de educación técnica, 20 docentes e outros responsables e 40 persoas da comunidade.

Poboación beneficiaria indirecta: en torno a 2.700 estudantes.

Orzamento total do proxecto: 581.560,65€

Axuda Xunta de Galicia: 522.077,80€ (2009:156.623,34€, 2010: 156.623,34€, 2011: 104.415,56€, 2012: 104.415,56€)

02 Fortalecemento do sistema de saúde pública en dúas moughataas periurbáns de Nouakchott a través da mellora dos servizos de saúde sexual e reprodutiva e da atención á infancia

Instrumento de financiamento: convocatoria programas

Axente: Médicos do Mundo - Galicia

Código CRS: 121 (saúde xeral)

Contraparte: Ministerio de Saúde e Asuntos Sociais/ Programa de Saúde Reprodutiva.

Zona de actuación: Nouakchott

País: Mauritania

Rexión: África

Descrición: o obxectivo do proxecto é garantir a accesibilidade e dispoñibilidade dos servizos de saúde sexual e

reprodutiva e de atención á infancia en dúas moughataas periurbanas de Nouakchott.

Obxectivo xeral: garantir o dereito á saúde dos habitantes dos barrios periféricos de Nouakchott.

Poboación beneficiaria directa: 210.795 persoas

Poboación beneficiaria indirecta: 299.000 persoas

Orzamento total do proxecto: 1.077.008€

Axuda Xunta de Galicia: 655.947,12€ (2009: 196.784,14€, 2010: 229.581,49€, 2011: 229.581,49€)

03 Programa de redución da vulnerabilidade en áreas rurais empobrecidas do municipio de Marcovia (Honduras), a través do acceso á auga e saneamento e da xestión sustentable dos recursos do territorio con enfoque de cunca hidrográfica.

Instrumento de financiamento: convocatoria programas

Axente: Enxeñería sen Fronteiras

Código/s CRS: 140 (abastecemento de auga e saneamento), 14015 (protección recursos hídricos)

Contraparte: Alcaldía de Marcovia e *ONG Comité para la Defensa y Desarrollo de la Flora y Fauna del Golfo de Fonseca*

Zona de actuación: municipio de Marcovia, departamento de Choluteca

País: Honduras

Rexión: Centroamérica

Descrición: xestionar o recurso hídrico, e os recursos naturais en xeral, de forma integral e sustentable no municipio de Marcovia.

Obxectivo: usar os recursos do territorio de xeito sustentable e con enfoque de cunca pola poboación do municipio de Marcovia, en correspondencia coas políticas e normas vixentes no país, de cara á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.

Poboación beneficiaria directa: a poboación de 21.034 persoas das comunidades rurais do municipio (10.647 homes e 10.387 mulleres)

Poboación beneficiaria indirecta: a poboación urbana do municipio

Orzamento total do proxecto: 562.941€

Axuda Xunta de Galicia: 349.708,60€ (2009: 104.912,58€, 2010: 104.912,58€, 2011: 69.941,72€, 2012: 69.941,72€).

04 Programa de desenvolvemento socioeconómico territorial do Gran Potosí, Bolivia.

Instrumento de financiamento: convocatoria programas

Axente: Fundación Cume para o Desenvolvemento de Culturas e Pobos





Código CRS: 311 (agricultura), 31161 (producción alimentos agrícolas), 31181 (ensino- formación agraria), 31191 (servizos agrícolas)

Contraparte: Fundación Intercultural Nor Sud

Zona de actuación: rexión do Gran Potosí (departamento de Potosí), nas provincias de Thomas Frías, Cornelio Saavedra e Linares

País: Bolivia

Rexión: América do Sur

Descrición: o programa aspira a contribuír á redución da pobreza nunha das rexións máis deprimidas de Bolivia (mancomunidade Gran Potosí), dándolle prioridade á cadea produtiva propia da cultura local e con maiores posibilidades mercantís: a faba.

Trátase de mellorar a xestión de calidade nos diferentes elos da cadea de produción e comercialización e reducir os problemas actuais, que se manifestan nun limitado volume de oferta cos requisitos de calidade esixidos pola demanda de mercado, na incipiente organización da comercialización a nivel microrrexional para acceder a mercados ampliados e específicos (orgánico, comercio xusto), así como nas debilidades funcionais en xestión empresarial.

Ao mesmo tempo, o programa traballará en preservar os recursos naturais e o medio para garantir que o desenvolvemento económico sexa sustentable no tempo.

Obxectivo: xerar o crecemento da economía rural incluíva e sustentable da rexión de Potosí, con repercusión na mellora dos ingresos e emprego digno; fortalecer a competitividade produtiva e comercial das cadeas produtivas que xeran emprego e ingresos nos mercados convencionais e de comercio xusto *Fair Trade*, a nivel rexional, nacional e internacional, en Potosí; desenvolver sistemas agroforestais de manexo dos recursos naturais e o medio, que acompañan o desenvolvemento económico produtivo nas comunidades de acción do programa.

Poboación beneficiaria directa: 2.500 familias produtoras, un total de 9.850 habitantes (55% mulleres), de acordo ao seguinte detalle por provincias: Thomas Frías 700 familias, Linares 1.250 familias e Cornelio Saavedra 550 familias.

Poboación beneficiaria indirecta: 60.000 habitantes, ao redor dun 45% da poboación da área de influencia

Orzamento total do proxecto: 1.473.542,20€

Axuda Xunta de Galicia: 923.463,20€ (2009: 277.038,96€, 2010: 277.038,96€, 2011: 184.692,64€, 2012: 184.692,64€).

2.2.2 Convocatoria 2008 de programas de cooperación de ONGD

No ano 2008 publicouse a primeira convocatoria deste novidoso instrumento de canalización de axudas para proxectos de cooperación exterior. Aprobáronse axudas para 4 actuacións presentadas por ONGD para o seu desenvolvemento en Honduras, Nicaragua, Angola e Guinea Bissau. O período de desenvolvemento destes programas de cooperación é 2008-2011.

En canto ás temáticas e sectores, no caso de Honduras e Nicaragua trátase de programas de cooperación en materia de educación técnica para a inserción laboral; en Angola búscase mellorar o acceso e a calidade educativa; e no caso de Guinea Bissau están en marcha dous programas: un para a prevención, diagnóstico e tratamento do VIH e o segundo para a mellora das condicións das mulleres rurais e xestión sustentable no eido forestal.

O financiamento destes catro programas ata 2011 ascende a 2.731.864€, dos que 813.449€ corresponden ao ano 2009.

Estes son os programas financiados pola Xunta de Galicia:

01 Educación técnica e vocacional para unha mellor inserción laboral en Honduras e Nicaragua

Axente: Fundación Entreculturas Fe e Alegría

País: Honduras e Nicaragua

Axuda Xunta de Galicia: 486.584€ (2008: 190.588€, 2009: 127.248€, 2010: 102.781€, 2011: 65.967€)

02 Programa de mellora do acceso e calidade educativa no municipio de Benguela, Angola

Axente: *Jóvenes del Tercer Mundo (Ahora Jóvenes y Desarrollo)*

País: Angola

Axuda Xunta de Galicia: 792.603€ (2008: 304.646€, 2009: 241.789€, 2010: 136.245€, 2011: 109.923€)

03 Mellora da condición das mulleres rurais e da xestión sustentable do entorno rural e forestal das rexións de Oio, Cacheu e Bafatá, en Guinea Bissau

Axente: Asociación pola Paz e o Desenvolvemento

País: Guinea Bissau

Axuda Xunta de Galicia: 830.347€ (2008: 306.782€, 2009: 241.515€, 2010: 282.050€)



04 Contribuír na prevención, diagnóstico e tratamento da infección de VIH/sida nos 425.161 potenciais usuarios de Bissau e nos 173.223 potenciais usuarios das rexións de Quinara e Tombalí, en Guinea Bissau

Axente: Asemblea de Cooperación Pola Paz

País: Guinea Bissau

Axuda Xunta de Galicia: 622.330€ (2008: 197.982€, 2009: 202.897€, 2010: 133.770€, 2011: 87.681€)

2.3 CONVOCATORIA 2009 DE MICROPROXECTOS DE COOPERACIÓN DE ONGD

A convocatoria de microproxectos é un instrumento recente na cooperación exterior de Galicia. Esta convocatoria concíbese como un instrumento dirixido a ONGD con pouca experiencia na xestión de proxectos, e que polo tanto contan con escasas oportunidades de lograr financiamento a través da convocatoria ordinaria de proxectos, en competencia con entidades máis expertas. Apoiase así o traballo das ONGD nos países en desenvolvemento a través de in-

tervenções de menor envergadura que os proxectos, pero encamiñadas do mesmo xeito á mellora das condicións de vida das súas poboacións.

No ano 2009 aprobáronse 4 microproxectos pola Xunta de Galicia, cun orzamento total de 89.204,71€. As ONGD encargadas do seu desenvolvemento son *Asociación Paz con Dignidad*, *Asociación Aida*, *Fundación Iepala* e a *Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos* e os países destinatarios Senegal, Guinea Bissau, Cabo Verde e Perú.

En Senegal desenvolveuse o programa “Nós Tamén” para o empoderamento das mulleres senegalesas; no caso de Guinea Bissau o microproxecto serviu para mellorar o acceso á auga potable na localidade de Bolama; en Cabo Verde promoveron a formación e inserción laboral de mozos/as no barrio de Safenda e no caso de Perú estes traballos de cooperación fortalecieron as capacidades pedagóxicas e de xestión entre os axentes educativos de Villa El Salvador.

Os microproxectos financiados pola Cooperación Galega no ano 2009 son os seguintes:

01 Proxecto *Minène Kala Rewbé* (Nós Tamén) empoderamento das mulleres senegalesas

Axente: Asociación Paz con Dignidad

Código CRS: 15110 (política/ planificación económica e do desenvolvemento), 15150 (fortalecemento sociedade civil) e 15164 (organizacións e institucións da igualdade das mulleres)

Contraparte: ONG *Appui à l'Autoformation des Adultes Appliqué à l'Action par Alternance et en Alternative* (« 7a »/Maa-rewwee)

Zona de actuación: rexión de Kolda

País: Senegal

Rexión: África

Descrición: contribuír á participación crible, eficaz e sustentable das organizacións comunitarias de base (OCB) no desenvolvemento da rexión de Kolda.

Obxectivos: reforzar a consolidación e a valoración das iniciativas das mulleres membros das organizacións comunitarias de base nas políticas públicas de tres comunidades rurais da rexión de Kolda.

Poboación beneficiaria directa: 36 asociacións (1180 mulleres).

Poboación beneficiaria indirecta: unhas 17.825 persoas.

Orzamento total do proxecto: 21.949,86€

Axuda Xunta de Galicia: 20.840,09€

02 Fortalecemento de capacidades pedagóxicas e de xestión en axentes educativos de Villa El Salvador

Axente: Fundación *Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos*

Código CRS: 11110 (política educativa e xestión administrativa)

Contraparte: ONG *Tierra de Niños*

Zona de actuación: Lima

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: contribuír a unha comunidade educativa e solidaria fortalecendo experiencias de xestión local sustentables no campo da educación, articulando experiencias formais e non formais a través de plans concertados en alianza con entidades estatais e privadas.

Obxectivos: axentes educativos implementan prácticas educativas de xestión e metodolóxicas pertinentes nas institucións educativas de Villa El Salvador.

Poboación beneficiaria directa: 463 persoas (186 homes e 277 mulleres) entre directores/as, docentes, promotoras educativas, mediadoras da aprendizaxe, directivos/as de institucións educativas, pais de familia e dirixentes.

Poboación beneficiaria indirecta: 4.069 persoas (1.966 homes e 2.103 mulleres).

Orzamento total do proxecto: 31.631€

Axuda Xunta de Galicia: 23.522€



03 Mellora do acceso á auga potable en Bolama**Axente:** Asociación AIDA**Código CRS:** 14030 (abastecemento de auga potable e saneamento básico - sistemas menores)**Contraparte:** Ministerio de Recursos Naturais de Guinea Bissau, a través da Dirección Xeral de Recursos Hídricos.**Zona de actuación:** rexión de Bolama**País:** Guinea Bissau**Rexión:** África**Descrición:** mellorado o nivel de vida das poboacións de Bolama de Baixo e Ga'Muria, en termos de incidencia de enfermidades relacionadas co uso da auga.**Obxectivos:** mellorado o acceso á auga potable nas poboacións de Bolama de Baixo e Ga'Muria a través da construción de dous pozos equipados con bomba natural.**Poboación beneficiaria directa:** os habitantes de Bolama de Baixo e Ga'Muria. A poboación total flutúa entre 200 e 300 habitantes, dependendo da época do ano.**Poboación beneficiaria indirecta:** as poboacións das comunidades próximas.**Orzamento total do proxecto:** 22.047€**Axuda Xunta de Galicia:** 20.449€**04 Promoción da formación e inserción socio-profesional entre os e as menores e novos vulnerables do barrio de Safende****Axente:** Fundación IEPALA**Código CRS:** 160 (outros servizos e infraestruturas sociais) e 16010 (servizos sociais)**Contraparte:** *Associação para a Solidariedade e Desenvolvimento Zé Moniz* (AZM)**Zona de actuación:** Praia**País:** Cabo Verde**Rexión:** África**Descrición:** contribuír a mellorar as alternativas de obtención de ingresos entre os/as mozos de 16 a 25 anos do barrio periférico de Safende.**Obxectivos:** impulsar o desenvolvemento de actividades xeradoras de ingresos entre os mozos e as mozas do barrio de Safende.**Poboación beneficiaria directa:** 80 mozos/as do barrio de Safende.**Poboación beneficiaria indirecta:** as familias dos mozos.**Orzamento total do proxecto:** 30.383,15€**Axuda Xunta de Galicia:** 24.393,62€

2.4 CONVENIOS DE COFINANCIAMENTO DE PROXECTOS DE COOPERACIÓN

2.4.1 Convenios de cofinanciamento do ano 2009

No ano 2009 a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE asinou un total de 19 convenios de colaboración con entidades e institucións para desenvolver proxectos no exterior por importe de 3.347.467€, dos que 1.902.096€ se executaron no ano 2009.

Ademais, o 2009 supuxo a reactivación da colaboración en materia de ciencia e tecnoloxía entre a Fundación da Universidade da Coruña e República Dominicana. Tamén en materia de I+D+i, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE asinou un convenio coa Organización de Estados Iberoamericanos (OEI), para a consolidación en Arxentina do *Instituto para el Desarrollo y la Innovación Educativa*. O Goberno galego colaborou ademais coa OEI en Honduras nun programa de seguridade e cidadanía especialmente adicado á prevención da marxinalidade nos mozos e mozas.

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE comezou ademais no 2009 unha liña directa de cooperación coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí e coa Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, que se plasmou nun convenio de apoio sanitario aos refuxiados en Tindouf.

No ano 2009 asináronse os seguintes convenios para proxectos de cooperación no exterior:

01 Mellora da calidade educativa dende un enfoque de dereitos humanos e equidade de xénero no marco do programa Oxlajuj Tz'ikin. Fase II.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Educación sen Fronteiras

Código/s CRS: 111 (educación)

Contraparte: *Proyecto de Desarrollo Santiago* - Prodesa

Zona de actuación: departamento de Retalhuleu

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: elevar a calidade da educación mediante a implementación de procesos que promovan o desenvolvemento das capacidades técnico-pedagóxicas dos docentes, dende un enfoque de dereitos humanos, pertinencia





sociocultural e equidade de xénero.

Obxectivos: elevar a calidade educativa das escolas de intervención, en canto a aprendizaxe da lectoescritura, a pertinencia cultural e a equidade de xénero.

Poboación beneficiaria directa: nenas e nenos de primaria que estudan nas escolas das 16 comunidades de intervención; mestres e mestrás que participan no programa de formación docente; 40 mozos (20 varóns e 20 mulleres), que recibirán bolsas e apoio académico para estudar a carreira de maxisterio.

Poboación beneficiaria indirecta: a poboación (aproximadamente 11.800 persoas) das 16 comunidades afectadas.

Orzamento total do proxecto: 419.619€

Axuda Xunta de Galicia: 118.268€ (2009: 81.247€; 2010: 37.021€)

02 Proxecto integral de saneamento básico nas comunidades de Champerico e Retalhuleu. Fase II. Programa Oxlajuj Tz'ikin.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia

Código/s CRS: 140 (abastecemento de auga e saneamento), 120 (saúde) e 150 (goberno e sociedade civil)

Contraparte: Asociación Pro Agua del Pueblo- ADP

Zona de actuación: departamento de Retalhuleu

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: contribuír a que tres comunidades do municipio de Champerico accedan a condicións de vida digna, a través da mellora da infraestrutura hixiénico-sanitaria, sustentada na promoción da equidade, o respecto aos dereitos humanos e a protección do medio.

Obxectivos: fortalecer a capacidade de 3 comunidades do municipio de Champerico para asumir unha axeitada xestión do recurso hídrico e o adecuado manexo de excretas e augas residuais, todo iso para mellorar de forma sustentable as condicións hixiénico-sanitarias de 606 familias que as habitan.

Poboación beneficiaria directa: 1.959 persoas.

Poboación beneficiaria indirecta: 25.280 habitantes da poboación do municipio.

Orzamento total do proxecto: 533.154€

Axuda Xunta de Galicia: 339.555€ (2009: 237.635€; 2010: 101.920€)

03 Mellora da atención en saúde e no acceso a medicamentos da poboación rural dos municipios de Champerico e Retalhuleu, en Guatemala. II fase. Programa Oxlaju Tz'ikin.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Farmacéuticos Mundi

Código/s CRS: 122 (saúde básica), 12220 (atención sanitaria básica), 12230 (infraestrutura sanitaria básica), 12261 (educación sanitaria), 12281 (formación persoal sanitario)

Contraparte: *Asociación de Servicios Comunitarios de Salud (Asecsa)*

Zona de actuación: departamento de Retalhuleu

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: o proxecto pretende contribuír á mellora das condicións de vida da poboación de dous municipios do departamento de Retalhuleu, na costa sur de Guatemala, atendendo á ampliación e mellora dos servizos básicos de saúde, que supoñan melloras na situación socio-sanitario da poboación beneficiaria.

Obxectivos: contribuír á mellora da atención en saúde e ao acceso e uso apropiado de medicamentos esenciais de calidade e baixo custo en 17 comunidades rurais dos municipios de Retalhuleu e Champerico, na costa sur de Guatemala.

Poboación beneficiaria directa: 4.119 persoas das 17 comunidades dos municipios de Retalhuleu e Champerico.

Poboación beneficiaria indirecta: o resto da poboación situada na área de influencia da actuación e que supoñen un total de 8.784 persoas.

Orzamento total do proxecto: 579.507€.

Axuda Xunta de Galicia: 414.870€. (2009: 115.510€;

2010: 299.360€)

04 Melloramento das capacidades produtivas para a soberanía alimentaria e a implementación de iniciativas produtivas comunitarias. Programa Oxlaju Tz'ikin.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: ACSUR Las Segovias

Código/s CRS: 311 (agricultura)

Contraparte: *Asociación para la Promoción y el Desarrollo de la Comunidad "CEIBA" e "Asociación Maya Oxib'No'j ONG" – (AMON- ONG)*

Zona de actuación: departamento de Retalhuleu

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: contribuír ao desenvolvemento integral das comunidades da costa sur do país por medio da implementación de iniciativas produtivas con criterios de sustenta-





bilidade, solidariedade e seguridade alimentaria, co fin de contribuír á mellora das condicións de vida das familias.

Obxectivos: contribuír ao abastecemento alimentario coa utilización de técnicas produtivas ecolóxicas, apegadas á cultura de homes e mulleres de 355 familias das 13 comunidades participantes no programa; promover iniciativas produtivas que brinden seguridade económica ás familias e as comunidades participantes, con criterios de sustentabilidade, solidariedade e de soberanía alimentaria, promovendo a participación de homes e mulleres.

Poboación beneficiaria directa: 355 familias de 13 comunidades dos municipios de Champerico e Retalhuleu, unhas 2.130 persoas, 2.196 familias destas comunidades que serán formadas a través de réplicas e 244 familias beneficiadas polas iniciativas produtivas.

Poboación beneficiaria indirecta: todas as familias das trece comunidades de intervención

Orzamento total do proxecto: 558.625€

Axuda Xunta de Galicia: 493.480€ (2009: 253.534€ - 2010: 239.946€)

05 Mellora das condicións de habitabilidade básica no marco do programa Oxlajuj Tz'ikin. Programa Oxlajuj Tz'ikin.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Arquitectos sen Fronteiras

Código CRS: 16040 (vivendas de baixo custo), 16020 (política de emprego e xestión administrativa), 14030 (abastecemento básico de auga potable e saneamento básico), 32310 (política de construción e xestión administrativa), 15150 (participación democrática e sociedade civil).

Contraparte: *Asociación Indígena Agropecuaria Pro Desenvolvemento Integral* (Asiaprodi)

Zona de actuación: Guatemala C. A., departamento de Retalhuleu

País: Guatemala

Rexión: Centroamérica

Descrición: o obxectivo do proxecto será a mellora das condicións hixiénico-sanitarias a través da construción de infraestruturas habitacionais. Establecerase unha planta de fabricación de elementos construtivos (bloques, tellas, estrutura de cuberta e pranchas de formigón) para utilizar os recursos da zona e a man de obra das comunidades para a construción das devanditas vivendas. Do mesmo modo que a fabricación se desenvolverá nas comunidades, na cons-

trucción tamén se empregará man de obra das propias comunidades que será formada con capacitacións de varios niveis.

Obxectivos: contribuír á mellora das condicións hixiénico-sanitarias a través das infraestruturas habitacionais nas comunidades incluídas no programa e construír e mellorar infraestruturas habitacionais nas comunidades facendo uso de todos os recursos materiais e humanos posibles nas comunidades do Programa Oxlajuj Tz'ikin.

Poboación beneficiaria directa: 75 persoas capacitadas polo Instituto Técnico de Capacitación e Productividade e 138 familias e o conxunto de comunidades que participan no Programa Oxlajuj Tz'ikin.

Poboación beneficiaria indirecta: 18.000 persoas, pertencentes ás comunidades que participan no Programa Oxlajuj Tz'ikin.

Orzamento total do proxecto: 699.118€

Axuda Xunta de Galicia: 681.678€ (2009: 258.389€;

2010: 423.289€)

06 Mellora das condicións de acceso á auga, habitabilidade e ambientais de 489 familias no barrio La Mosca - Sta. Lucía en Santiago de los Caballeros. Fase II. Programa integral de melloramento do barrio Santa Lucía - La Mosca

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz

Código/s CRS: 140 (abastecemento de auga e saneamento)

Contraparte: *Junta de Asociaciones Campesinas "Rafael Fernández Domínguez"*, (Jacarafe).

Zona de actuación: barrio La Mosca – Sta. Lucía, Santiago de los Caballeros

País: República Dominicana

Rexión: Caribe

Descrición: mellorar as condicións de vida de 489 familias, que son en torno a 2.445 persoas.

Obxectivos: mellorar as condicións de acceso á auga, de habitabilidade e ambientais de 489 familias.

Poboación beneficiaria directa: aproximadamente 2.445 persoas das 489 familias que integran o barrio de Santa Lucía.

Poboación beneficiaria indirecta: a poboación residente en barrios próximos a Santa Lucía e de Santiago de los Caballeros.





Orzamento total do proxecto: 294.157€

Axuda Xunta de Galicia: 179.845€

07 Fortalecemento das organizacións da sociedade civil (FIOSC) segunda fase de execución - Programa integral de melloramento do barrio Santa Lucía - La Mosca

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: *Fundación Solidaridad*

Código/s CRS: 15150 (fortalecemento sociedade civil)

Zona de actuación: Santiago de los Caballeros

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica

Descrición: o Programa de fortalecemento institucional das organizacións da sociedade civil (fiosc), forma parte do Programa integral de melloramento do barrio Santa Lucía / La Mosca da cidade de Santiago de los Caballeros. O obxectivo do programa é contribuír ao fortalecemento das organizacións da sociedade civil do Barrio Santa Lucía-La Mosca de Santiago.

Obxectivos: mellorar as condicións de vida de 489 familias que residen no barrio Santa Lucía e contribuír ao fortalecemento das organizacións da sociedade civil do barrio Santa Lucía institucionalizándoas e empoderándoas para a xes-

tion do seu desenvolvemento.

Poboación beneficiaria directa: 489 familias que viven no barrio de Santa Lucía - La Mosca (aproximadamente 2.445 persoas) e unhas 466 persoas que traballan como segregadoras de residuos (buzos en linguaxe coloquial).

Poboación beneficiaria indirecta: poboación residente nos barrios próximos a Santa Lucía, todas as organizacións sociais da cidade de Santiago de los Caballeros e as instancias do Concello Municipal que participan no programa.

Orzamento total do proxecto: 128.438€

Axuda Xunta de Galicia: 112.598€ (2009: 39.952€, 2010: 72.646€)

08 Mellora das condicións de acceso e permanencia ao emprego dos traballadores informais do vertedoiro de Raffey e do barrio de Santa Lucía - La Mosca (segunda fase) - Programa integral de melloramento do barrio Santa Lucía - La Mosca

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: *Cámara de Comercio y Producción de Santiago Inc. (CCYPS)*

Código/s CRS: 16020 (política de emprego e xestión administrativa)

Zona de actuación: Santiago de Los Caballeros



País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica

Descrición: o Programa integral de melloramento do barrio Santa Lucía/ La Mosca ten como finalidade a mellora da calidade de vida dos habitantes deste barrio, así como dos traballadores informais do vertedoiro de Rafey, a través de 4 compoñentes de traballo: auga, saneamento e habitabilidade, saúde comunitaria, fortalecemento das organizacións da sociedade civil e formación profesional e desenvolvemento produtivo. *A Cámara de Comercio y Producción de Santiago Inc.* terá ao seu cargo a execución da liña de formación profesional e desenvolvemento produtivo, dentro do marco de execución deste programa.

Obxectivos: contribuír ao desenvolvemento produtivo, económico e social do vertedoiro de Rafey e o barrio Santa Lucía/ La Mosca da cidade de Santiago, República Dominicana, creando as condicións para promover a competitividade, o investimento, a oferta de emprego e a vinculación interna e externa dos actores; continuar o melloramento das condicións de acceso e permanencia ao emprego dos traballadores informais do vertedoiro de Rafey e do barrio Santa Lucía/ La Mosca.

Poboación beneficiaria directa: persoas que actualmente traballan no vertedoiro de Rafey, habitantes do barrio Santa

Lucía que viven do traballo no vertedoiro.

Poboación beneficiaria indirecta: familias dos 466 traballadores/as informais do vertedoiro de Rafey e das 489 familias do barrio Santa Lucía/ La Mosca.

Orzamento total do proxecto: 766.219€

Axuda Xunta de Galicia: 266.439€ (2009: 65.753€, 2010: 200.686€)

09 Diminución da incidencia de enfermidades en 489 familias do barrio Santa Lucía/ La Mosca (segunda fase) - Programa integral de melloramento do barrio Santa Lucía - La Mosca

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: *Fundación de Desarrollo Loma y Salud, Inc. (Fundelosa)*

Código/s CRS: 12220 (atención sanitaria básica)

Zona de actuación: Santiago de los Caballeros

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica

Descrición: o Programa integral de melloramento do barrio Santa Lucía/ La Mosca ten como finalidade a mellora da calidade de vida dos habitantes deste barrio, así como dos traballadores informais do vertedoiro de Rafey.

O compoñente de saúde comunitaria executarase cos habitantes do barrio de Santa Lucía / La Mosca para diminuír a incidencia de enfermidades, producidas na maioría das ocasións por motivos diversos, que abranguen un descoñecemento das medidas de prevención de enfermidades no barrio, a dificultade de asistencia a centros de saúde por parte dos habitantes ou a problemática ambiental do ámbito.

Obxectivos: mellorar as condicións de vida e diminuír a incidencia de enfermidades nas 489 familias que residen no barrio Santa Lucía/ La Mosca.

Poboación beneficiaria directa: 489 familias que residen no barrio de Santa Lucía /La Mosca e máis de 350 familias que residen no barrio Piña lindante.

Poboación beneficiaria indirecta: unhas 2.500 persoas que habitan nos barrios periféricos e noutros sectores.

Orzamento total do proxecto: 209.151€

Axuda Xunta de Galicia: 105.047€ (2009: 34.544€, 2010: 70.503€)

10 Consolidación do Instituto para o Desenvolvemento e a Innovación Educativa en Argentina (Proxecto IDIE-OEI)

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI) - Secretaría Xeral
Código/s CRS: 111 (educación)

Contraparte: Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI)- Oficina Rexional en Bos Aires

País: Argentina

Rexión: América do Sur

Descrición: favorecer o proceso de mellora da calidade do sistema educativo arxentino para apoiar o desenvolvemento dunha sociedade democrática, equitativa e plural.

Obxectivos: proseguir e consolidar as accións iniciadas polo Instituto de Desenvolvemento e Innovación Educativa (IDIE) nas áreas de alfabetización e educación básica de adultos, educación en valores e para a cidadanía, formación docente e apoio á educación infantil e aos dereitos da infancia, cunha oferta de servizos pertinente e de impacto dirixida ao sector educativo arxentino.

Poboación beneficiaria directa: os equipos técnicos e directivos do Ministerio de Educación de Arxentina e os gobernos provinciais e locais en materia educativa. Membros do corpo docente.

Poboación beneficiaria indirecta: unhas 5.000 persoas.

Orzamento total do proxecto: 127.580€



Axuda Xunta de Galicia: 100.000€

11 Mellorar a prevención da violencia de xénero mediante unha estratexia educativa a mozos e formación ao persoal de policía en Honduras.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI)

Código/s CRS: 111 (educación)

Contraparte: Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura (OEI). Oficina Nacional en Tegucigalpa

Zona de actuación: Tegucigalpa

País: Honduras

Rexión: Centroamérica

Descrición: favorecer a cohesión social en Iberoamérica mediante unha estratexia de prevención da violencia e delitos en mozos, actuando sobre aqueles en conflito coa xustiza e en situación de privación da liberdade.

Desenvolverase unha estratexia que actúa en catro fronte: formación a través do deporte, acceso á formación e ao emprego, prevención da violencia de xénero a través do persoal que traballa con mozos e intercambio de prácticas e visualización do programa en Iberoamérica.

Obxectivos: mellorar a prevención da violencia de xénero mediante unha estratexia educativa en centros escolares,

institutos e espazos- redes cidadás de Honduras, así como mellorar as competencias e ferramentas da policía e persoal relacionado no país coa detección deste tipo de delitos.

Poboación beneficiaria: 800 nenos/as e mozos/as e 80 policías de Tegucigalpa.

Orzamento total do proxecto: 76.700€

Axuda Xunta de Galicia: 70.000€

12 Mellora da asistencia sanitaria integral do servizo de neonatoloxía dentro do Hospital Hernández Vera – Santa Cruz de la Sierra (Bolivia).

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Asociación Hospital 1º de Maio

Código/s CRS: 12230 (infraestrutura sanitaria básica)

Contraparte: *Instituto Secular Cruzada Evangélica* (ISCE)

Zona de actuación: departamento de Santa Cruz de la Sierra

País: Bolivia

Descrición: resolver a carencia de medios e recursos técnicos do Servizo de Neonatoloxía do Hospital Hernández Vera (nos seus comezos Hospital Primeiro de Maio), situado no departamento de Santa Cruz de la Sierra, dotándoo de incubadoras, servoberces ou berces térmicos e monitores de signos vitais.



Obxectivos: fortalecer a asistencia sanitaria integral no departamento de Santa Cruz de la Sierra e reducir a alta taxa de mortalidade neonatal tras a mellora da asistencia sanitaria no departamento de Santa Cruz de la Sierra.

Poboación beneficiaria: bebés acabados de nacer do Hospital Hernández Verá, pertencentes tanto ao departamento de Santa Cruz de la Sierra como a outras comunidades lindantes.

Orzamento total do proxecto: 50.422€

Axuda Xunta de Galicia: 44.822€

13 Reactivación da colaboración en ciencia e tecnoloxía entre Galicia e a República Dominicana: medidas de acompañamento para o fortalecemento da secretaría de estado de educación superior, ciencia e tecnoloxía e o desenvolvemento da súa política de I+D+i.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Fundación Universidade da Coruña (Fuac)

Código/s CRS: 11110 (política educativa e xestión administrativa)

Contraparte: *Secretaría de Estado de Educación Superior, Ciencia y Tecnología* (SEESCYT), *Pontificia Universidad Católica Madre y Maestra* (PUCMM)

Zona de actuación: República Dominicana

País: República Dominicana

Rexión: Centroamérica

Descrición: o proxecto REACYT enfoca a cooperación para o desenvolvemento promovida pola Xunta de Galicia desde o punto de vista da mellora da política de innovación do Goberno da República Dominicana. Expón o deseño de novas accións de apoio á *Secretaría de Estado de Educación Superior, Ciencia y Tecnología* sobre a base da detección das demandas existentes en ciencia e tecnoloxía, co fin de actuar da forma máis próxima ás necesidades dominicanas.

Obxectivos: retomar a liña de cooperación galego-dominicana en ciencia e tecnoloxía e determinar a evolución das accións de política científica e tecnolóxica durante o período 2006-2009, con deseño de novas accións de cooperación coa Secretaría de Estado de Educación Superior, Ciencia y Tecnología nesta materia fundamental para o desenvolvemento da República Dominicana.

Poboación beneficiaria: o conxunto das institucións que operan no sistema de innovación: a universidade, a empresa, a administración pública.

Orzamento total do proxecto: 65.200€

Axuda Xunta de Galicia: 61.900€

14 Fortalecemento institucional e do tecido social das Cámaras de Paul e Naio

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Código CRS: 151 (goberno e sociedade civil sen especificar)

Contraparte: Cámara Municipal do Paul – Cabo Verde

Zona de actuación: municipios de Paul (illa de Santo Antao) e Maio (illa de Maio)

País: Cabo Verde

Rexión: África

Descrición: a presente intervención pretende reverter no fortalecemento das cámaras municipais de dous concellos caboverdianos: o Concello de Paul e o Concello de Maio, mediante a implementación de dúas liñas de actuación.

No Concello de Paul levarase a cabo unha actuación tendente a promoción da igualdade de xénero e empoderamento das mulleres, a través da implementación do Plan municipal para a igualdade e equidade de xénero.

No Concello de Maio preténdese promover espazos de encontro e de concertación social nas localidades de Alcatraz e Pilão Cão, con vista a combater o illamento e promover a capacitación das respectivas poboacións.

Obxectivos: fortalecer as capacidades institucionais e comunitarias das cámaras municipais dos concellos de Paul e Maio; garantir a execución das accións iniciais para a promoción da igualdade de xénero no municipio de Paul; promover espazos de encontro e de concertación social nas localidades de Alcatraz e Pilão Cão.

Poboación beneficiaria directa: 31 persoas (membros do Gabinete de Apoio á Muller, axentes de igualdade, membros activos das asociacións comunitarias implicadas).

Poboación beneficiaria indirecta: 8.383 habitantes do municipio de Paul (4.583 homes e 3.845 mulleres) e 8.544 de illa de Maio.

Orzamento total do proxecto: 121.791€

Axuda Xunta de Galicia: 75.148€



15 Xestión do desenvolvemento sustentable en municipios rurais andinos

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

Código CRS: 41010 (política medioambiental e xestión administrativa)

Contraparte: *Centro de Promoción del Desarrollo y la Educación* - Ceprode

Zona de actuación: departamento de Lima – provincia Huaral (municipalidades de San Miguel de Acos, Lampián, 27 de Noviembre, Atavillos Bajo, Atavillos Alto, Santa Cruz de Andamarca, Pacaraos e Aucallama)

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: este proxecto está orientado a prestar atención ao desenvolvemento de capacidades de xestión e planeamento estratéxico do desenvolvemento sustentable e a erradicación da pobreza en 7 municipalidades e 23 comunidades campesinas da provincia de Huaral.

Obxectivos: fortalecer a xestión municipal e comunal para promover o desenvolvemento sustentable e a erradicación da pobreza; desenvolver as capacidades de xestión e planeamento estratéxico do desenvolvemento local nas áreas económicas, sociais e ambientais.

Poboación beneficiaria directa: 200 persoas, as autoridades (alcaldes, rexedores, secretarios) e empregados municipais e autoridades locais.

Poboación beneficiaria indirecta: 5.670 persoas (2.898 homes e 2.772 mulleres)

Orzamento total do proxecto: 119.905,68€

Axuda Xunta de Galicia: 54.006€

16 Construción do módulo educativo integral: aula para nenos/as de 4 anos, servizos hixiénicos incorporados, patio principal e muro de contención na I.E.I. N° 6080 “Rosa de America”, Villa El Salvador

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Fondo Galego de Solidariedade e Cooperación

Código/s CRS: 11120 (servizos e instalacións educativas e formación), 11240 (educación primeira infancia)

Contraparte: *Tierra de niños*

Zona de actuación: Lima - Villa El Salvador

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: o proxecto busca o fortalecemento de competencias e habilidades sociais de nenos e nenas en situación de pobreza residentes no primeiro sector do distrito de Villa El Salvador, abríndolles oportunidades de acceder con éxi-



to ao nivel inicial educativo.

Obxectivos: contribuír á diminución da deserción e fracaso escolar nos primeiros graos da primaria, mellorando a calidade da atención integral dos nenos menores de 5 anos.

Poboación beneficiaria directa: 60 nenos e nenas de 4 e 5 anos e os docentes e animadoras que usarán os materiais e instalacións.

Poboación beneficiaria indirecta: 100 nenos e nenas de educación inicial, 200 pais e nais de familia, 10 directores/as de institucións educativas e 25 docentes e animadoras de educación inicial da Rede de Reduca.

Orzamento total do proxecto: 53,028.16€

Axuda Xunta de Galicia: 45.811€

17 Apoio técnico no desenvolvemento de actuacións de asistencia técnica en materia de pesca artesanal e acuicultura en países terceiros

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Fundación CETMAR

Código/s CRS: 31320 (desenvolvemento pesqueiro), 31381 (educación e formación pesqueira)

Contraparte: *Organización del Sector Pesquero y Acuicola de Istmo Centroamericano (OSPESCA)*

Zona de actuación: Centroamérica

País: Centroamérica

Rexión: Centroamérica

Descrición: o proxecto pretende dar resposta aos requirimentos das contrapartes para reverter a situación de carencias e necesidades tanto formativas como materiais detectadas en diferentes ámbitos do sector pesqueiro artesanal.

Obxectivos: desenvolvemento da actividade pesqueira e acuícola e apoio na seguridade dos pescadores artesanais; apoiar aos participantes á aplicación real dos coñecementos adquiridos na formación e que repercuten directamente na súa seguridade á hora de exercer a súa profesión de pescador/a; promover a participación e apoio dos centros de investigación pesqueira de Centroamérica para a xestión dos recursos mariños.

Poboación beneficiaria: pescadores artesanais, pequenos produtores acuícolas, técnicos e asesores en pesca e acuicultura, e investigadores de universidade e centros públicos, todos pertencentes ao istmo centroamericano.

Orzamento total do proxecto: 115.000 €

Axuda Xunta de Galicia: 115.000 €





18 Proxecto de cooperación para o desenvolvemento sustentable baseado no cultivo ecolóxico do cacao, compatible coa conservación da selva amazónica no Baixo Huallaga (rexión de San Martín), Perú

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Fundación Empresa-Universidade Galega (FEUGA)

Código/s CRS: 31165 (desenvolvemento agrario alternativo), 41030 (biodiversidade)

Contraparte: Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA), Colexio de Enxeñeiros do Perú

Zona de actuación: rexión San Martín

País: Perú

Rexión: América do Sur

Descrición: establecer unha plantación coherente de cacao ecolóxico que supoña unha alternativa ao cultivo da coca, evite as formas de agricultura agresivas ao medio, restaure a cuberta forestal, respecte os enclaves do territorio con valores naturais que mereza a pena preservar, respectar a conservación da biodiversidade da zona e contribuír ao desenvolvemento sustentable das poboacións residentes na contorna, mediante o incremento do emprego e nivel de rendas, contribuíndo aos aspectos sociais, sanitarios e educativos das mesmas.

Obxectivos: establecer unha serie de técnicas agrofo-

restais sustentables a través dunha experiencia piloto de produción de cacao compatible coa conservación da biodiversidade e o desenvolvemento sustentable; incrementar a calidade ambiental das zonas agroforestais sometidas a explotación sen control; fomentar o aumento do desenvolvemento socioeconómico sustentable da bisbarra; impulsar a creación dunha asociación de produtores de cacao sustentable do baixo Huallaga; estudar a viabilidade para a creación dun centro de provisión de cacao no baixo Huallaga.

Orzamento total do proxecto: 30.526,32€

Axuda Xunta de Galicia: 29.000€

19 Apoio a mellorar o nivel de saúde da poboación que reside nos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria) de forma específica na wilaya de Smara.

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Solidariedade Galega co Pobo Saharauí

Código/s CRS: 122 (saúde básica), 12191 (servizos médicos)

Contraparte: Ministerio de Saúde Pública - RASD

Zona de actuación: campamentos de refuxiados saharauís – Tindouf

País: Alxeria

Rexión: África

Descrición: o proxecto consiste en mellorar o nivel de saúde e diminuír a mortalidade da poboación que reside nos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf - Alxeria. Neste caso concreto na wilaya de Smara.

Obxectivos: contribuír a mellorar as condicións sanitarias da poboación refuxiada saharauí.

Poboación beneficiaria: a poboación refuxiada que vive nos campamentos de refuxiados de Tindouf e no Sáhara Occidental.

Orzamento total do proxecto: 60.000€

Axuda Xunta de Galicia: 40.000€ (20.000€ da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea e 20.000€ da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia).

2.4.2 Convenios de cofinanciamento de anos anteriores

A Xunta de Galicia asinou no período 2007-2008 14 convenios con 10 entidades, por un importe de 1.109.682€ a executar no ano 2009, para financiar accións de cooperación ao desenvolvemento. Estas actuacións beneficiaron a 7 países: Colombia, Perú, Centroamérica, Cuba, República Dominicana, Bolivia e Guatemala.

Nos últimos anos a cooperación galega incorporou as sinerxías doutros axentes distintos das ONGD, fundamentalmente institucións e universidades, que comezan xa a conformar a engrenaxe do que ten que ser no futuro a cooperación exterior de Galicia. Así, ademais do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade, subscribiron convenios coa Xunta de Galicia a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación CETMAR, o Goberno Municipal de Samaipata en Bolivia, a Cámara de Comercio de Santiago de los Caballeros na República Dominicana e a Asociación Maia Oxb'noj (AMON) en Guatemala.

A continuación resúmense os citados convenios coas distintas entidades:

01 Apoio á investigación ecolóxica das especies de *Vibrio* na costa do Perú e as súas implicacións epidemiolóxicas

Axente: Universidade de Santiago de Compostela (Instituto Acuicultura)

País: Perú

Axuda Xunta de Galicia: 253.445€ (2007: 106.341€, 2008: 63.563€, 2009: 83.541€)

02 Plan de apoio á formación profesional dos pescadores artesanais de Centroamérica

Axente: Fundación CETMAR

País: Centroamérica

Axuda Xunta de Galicia: 842.000€ (2007: 316.500€, 2008: 361.500€, 2009: 164.000€)

03 Mellora das condicións de habitabilidade a vivendas do centro histórico de Santiago de Cuba

Axente: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (FOGACOSOL)

País: Cuba

Axuda Xunta de Galicia: 272.735€ (2007: 90.911€, 2008: 90.912€, 2009: 90.912€)

04 Cooperación internacional para a transferencia tecnolóxica no cultivo de *Mero guasa* e moluscos bivalvos como estratexia prospectiva para a seguridade alimentaria de pescadores artesanais e conservación dos recursos pesqueiros da área de influencia

Axente: Universidade de Santiago de Compostela

País: Colombia

Axuda Xunta de Galicia: 425.845€ (2007: 130.000€, 2008: 190.026€, 2009: 105.819€)

05 Deseño e construción da infraestrutura para a unidade educativa Timoteo Rondales e a creación da unidade de formación técnica en cultura e turismo para a comunidade de Bermejo, baixo un perfil de formación integral e por competencias

Axente: Honorable Gobierno Municipal de Samaipata

País: Bolivia

Axuda Xunta de Galicia: 105.000€ (2008: 63.000€, 2009: 42.000€)

06 Apoio académico e institucional ao programa de doutoramento en economía da Universidade da Habana

Axente: Universidade de Santiago de Compostela

País: Cuba

Axuda Xunta de Galicia: 150.000€ (2008: 50.000€, 2009: 50.000€, 2010: 50.000€)

07 Fortalecemento institucional das municipalidades de Champerico e Retalhuleu, Guatemala

Axente: Fundación Iniciativa Civil para la Democracia

País: Guatemala

Axuda Xunta de Galicia: 188.123€ (2008: 86.640€, 2009: 101.483€)



08 Fortalecimento comunitario no marco do Oxlajuj Tz'ikin, nos municipios de Champerico e Retalhuleu, departamento de Retalhuleu

Axente: *Asociación Maia Oxib'Noj (AMON)*

País: Guatemala

Axuda Xunta de Galicia: 148.600€ (2008: 63.900€, 2009: 84.700€)

09 Xestión sustentable da subconca do Chipillico, Piura

Axente: Asociación Chira

País: Perú

Axuda Xunta de Galicia: 230.000€ (2008: 123.000€, 2009: 107.000€)

10 Fortalecimento institucional das organizacións da sociedade civil do barrio La Mosca-Santa Lucía en Santiago de los Caballeros

Axente: *Fundación Solidaridad*

País: República Dominicana

Axuda Xunta de Galicia: 76.938€ (2008: 39.572€, 2009: 37.366€)

11 Mellora das condicións de acceso e permanencia no emprego dos traballadores informais do vertedoiro de Ra-fey e do barrio La Mosca-Santa Lucía

Axente: *Cámara de Comercio y Producción de Santiago de*

los Caballeros

País: República Dominicana

Axuda Xunta de Galicia: 102.033€ (2008: 51.575€, 2009: 50.458€)

12 Diminución da incidencia de enfermidades no barrio La Mosca-Santa Lucía, en Santiago de los Caballeros

Axente: *Fundación de Desarrollo Loma y Salud Inc (FUNDELOSA)*

País: República Dominicana

Axuda Xunta de Galicia: 76.805€ (2008: 40.037€, 2009: 36.768€)

13 Fortalecimento da administración descentralizada en Bolivia

Axente: Universidade de Santiago de Compostela

País: Bolivia

Axuda Xunta de Galicia: 174.110€ (2008: 34.774,49€, 2009: 139.335,51€)

14 Formación de expertos latinoamericanos en cooperación internacional

Axente: Universidade de Santiago de Compostela

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 27.165€ (2008: 10.866€, 2009: 16.299€)





2.4.3 Iniciativas de desenvolvemento integral (IDI) en Guatemala e República Dominicana

As iniciativas de desenvolvemento integral (IDI) están concibidas como unha modalidade de canalización dos fondos de cooperación a unha zona xeográfica determinada, onde diferentes actores traballan naqueles ámbitos sectoriais nos que teñen experiencia, empregando neste labor os instrumentos de cooperación dispoñibles. O financiamento destas iniciativas realízase a través de convenios de colaboración con entidades locais e ONGD españolas.

Estas iniciativas de desenvolvemento integral supoñen unha das apostas máis firmes pola coordinación e complementariedade coas políticas de desenvolvemento dos países beneficiarios, ao mesmo tempo que se persegue a xeración de sinerxías positivas entre os actores que traballan neste ámbito, para conseguir un avance na eficiencia e impacto das intervencións. A chave das IDI radica na implicación e a coordinación de todos os axentes que comparten un mesmo proxecto, e aproveitan cada unha das pezas deste engranaxe de xeito que a intervención supoña a base sólida da que tiren os beneficiarios do programa cara o seu propio desenvolvemento.

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea durante o ano 2009 primou de xeito especial a execución plena dos programas de cooperación xa iniciados en Guatemala e a República Dominicana. Os investimentos no ano 2009 nestas dúas IDI superan os 1,5 millóns de euros. Na súa execución traballan institucións locais e distintas ONGD en eidos coma a habitabilidade básica, o desenvolvemento produtivo, o fortalecemento institucional e comunitario, a xestión de riscos, a prevención en catástrofes, a saúde ou a educación. As comunidades indíxenas beneficiarias dos proxectos son a peza chave das IDI, porque só eles poden ser os protagonistas do seu propio desenvolvemento, unha premisa básica coa que traballa a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.

En Guatemala, a Xunta de Galicia ten en funcionamento a Intervención de Desenvolvemento Integral (IDI) Oxlañuj Tz'ikin, que leva a cabo xunto coas municipalidades de Retalhuleu e Champerico. No ano 2008 comezaron algunhas liñas do programa, cun orzamento asignado de 361.447€. No ano 2009 o financiamento nesta iniciativa foi de 1.132.498€. No apartado 2.4 recóllense os convenios que se asinaron no ano 2008 e 2009 para o financiamento dos diferentes compoñentes.

As principais características desta iniciativa descríbense a continuación:

Zona de actuación: a franxa costeira dos municipios de Champerico e Retalhuleu no Departamento de Retalhuleu. A intervención desenvolverase inicialmente en 17 asentamentos humanos: San Juan el Húmedo, Victorias el Salto, Santa Inés, Aztlán, Nueva Olga de Cuchupán, Nueva Cajolá, El Triunfo, Victorias III, La Verde, San Miguel Las Pilas, Nueva Gomera, Santa Cruz Cajolá, Nuevo Montecristo, María del Mar, Aldea del Río, Barrio del Palmo, Barrio La Esperanza e coa Asociación de Pescadores de Subsistencia Diaria (APSUDCHAMP).

Obxectivo do programa: contribuír ao desenvolvemento humano da poboación asentada nos municipios de Champerico e Retalhuleu, mellorando a infraestrutura de habitabilidade básica, a cobertura sanitaria, a calidade educativa, a soberanía alimentaria e o desenvolvemento produtivo, realizado sobre a base da planificación estratéxica e a condución política das autoridades comunitarias e municipais.

Poboación beneficiaria: 20.000 persoas dos municipios de Champerico e Retalhuleu dos 18 asentamentos, maioritariamente poboación rural e indíxena.

Compoñentes da IDI e entidades partícipes:

- **Habitabilidade básica:** dentro deste compoñente traballan as seguintes entidades: *Arquitectos sen Fronteiras* (ASF), *Solidariedade Internacional* (SI), *Asociación Pro Agua del Pueblo* (ADP), e *Desarrollo Integral* (Asia-prodi). Actuacións en construción e mellora de vivendas, dotación de auga potable en calidade e cantidade abondo, xunto á capacitación técnica vinculada a estes aspectos.
- **Saúde e educación:** execútase a través das seguintes entidades: *Farmacéuticos Mundi* (FM), *Educación sen Fronteiras* (ESF), *Asociación Servicios Comunitarios de Salud* (ASECSA), *Proyecto de Desarrollo Santiago* (PRODESSA). Accións sustentadas en mellorar os servizos en materia sanitaria e educativa, dende o punto de vista de infraestruturas, materiais e capacitación técnica a profesionais de ámbolos dous sectores.
- **Desenvolvemento produtivo:** as principais entidades executoras son ACSUR-Las Segovias, Asociación para la promoción y el desarrollo de la comunidad "CEIBA", e *Asociación Maia Oxib'noj* (AMON). Traballlos en aspectos relativos á soberanía alimentaria e a produción agropecuaria.





• **Fortalecimiento institucional:** a súa execución efectúase a través da entidade *Fundación Iniciativa Civil para el Desarrollo* (INCIDE). Trabállase activamente en favor do deseño do Plan de desenvolvemento municipal, o fortalecemento das capacidades administrativas e financeiras municipais e dos mecanismos de participación cidadá.

• **Fortalecimiento comunitario:** este compoñente é desenvolvido pola entidade *Asociación Maia Oxib'noj* (AMON). Actuacións no marco da formación, capacitación e acompañamento das estruturas organizativas de base.

• **Xestión e prevención de risco a desastre:** as principais entidades executoras: *ACSUR-Las Segovias* e *Asociación Colectivo Poder y Desarrollo Local-CPDL*. As accións deste compoñente oriéntanse ao fortalecemento de condicións e capacidades para a prevención e atención de risco a desastres, a través da formación comunitaria, o fortalecemento organizativo, a preparación de plans de emerxencia comunitarios e municipais e implementación dun sistema de alerta temperá, entre outras actuacións.

Trabállase en tres enfoques que se transversalizan en todos os compoñentes: de xénero, ambiental e de dereitos humanos e pertinencia cultural.

No que se refire a actores partícipes, hai que salientar o papel fundamental das municipalidades de Champerico e Retalhuleu, que xunto coas comunidades representadas a través do Consello Microrrexional, son os principais protagonistas e xestores do seu propio modelo de desenvolvemento, constituíndo a base sobre a que se asenta o proceso de desenvolvemento da IDI.

Ademais o IDI tamén conta coa colaboración doutras entidades galegas como a Deputación da Coruña, fortalecendo as liñas de auga-saneamento e calidade educativa, e Fundación Axencia Humanitaria de Galicia, no que atinxe ao compoñente de xestión e prevención de riscos ante os desastres.

Na República Dominicana a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea ten en marcha a Intervención de desenvolvemento integral de melloira do barrio de Santa Lucía / La Mosca, na cidade de Santiago de los Caballeros. Este programa pretende o

desenvolvemento da poboación deste barrio e inclúe a rehabilitación da contorna do vertedoiro co que conviven. A intervención comezou no 2008 cun orzamento de 235.444€. No ano 2009 os recursos para esta actuación ascenderon a 452.834€.

No apartado 2.4 recóllense os convenios que se asinaron no 2008 e 2009 para cada compoñente.

A continuación descríbense as principais características desta iniciativa:

Zona de actuación: o barrio Sta. Lucía- La Mosca, un barrio marxinal situado ao lado do vertedoiro municipal da cidade de Santiago de los Caballeros.

Obxectivo do programa: mellorar a calidade de vida do barrio de Sta. Lucía/La Mosca e do vertedoiro municipal.

Poboación beneficiaria: 489 familias do barrio (2.445 homes e mulleres) e unhas 500 persoas traballadoras informais do vertedoiro (segregadores, chamados “buzos” en linguaxe coloquial).

Compoñentes do IDI e entidades partícipes:

• **Auga, saneamento e habitabilidade:** as entidades encargadas da execución desta liña son a ONGD Asemblea de Cooperación pola Paz (ACPP), xunto coa súa contraparte a *Junta de Asociaciones Campesinas “Rafael Fernández Domínguez”* (JACARAFE). As accións van dirixidas a mellorar o acceso á auga potable, a habitabilidade e a formación ambiental.

• **Saúde comunitaria:** este compoñente execútao FUNDELOSA (*Fundación de Desarrollo Lomba y Salud*) cuxos eixos de acción son: saúde preventiva, promoción da saúde e empoderamento da sociedade civil en saúde, atención familiar para o desenvolvemento saudable da infancia, educación sexual e reprodutiva, educación en saúde comunitaria e prevención de drogodependencias con mozos/as e atención primaria.

• **Formación profesional e desenvolvemento produtivo:** executado pola entidade dominicana *Cámara de Comercio y Producción de Santiago*. As accións diríxense tanto cara ao traballo externo ao vertedoiro: (traballo en pro de crear as capacidades necesarias para que





os segregadores adquiren as condicións e habilidades para inserirse laboralmente en áreas externas ao traballo do vertedoiro, a través da formación técnica, a mercadotecnia social e a xestión de microempresas e autoemprego) coma o traballo interno no vertedoiro (o obxectivo é mellorar as condicións laborais e económicas dos segregadores mediante a xeración de infraestruturas axeitadas para o traballo, capacitación en labores especializados de xestión e separación de refugallós sólidos, o equipamento adecuado en seguridade e hixiene no traballo e o establecemento de alianzas co Concello como ente xestor do vertedoiro).

•**Fortalecemento da sociedade civil:** compoñente implementado pola organización dominicana *Fundación Solidaridad*, cuxas liñas estratéxicas son: creación, legalización, fortalecemento e democratización das organizacións; creación de instrumentos de participación democrática na xestión pública, establecemento da “Axenda de desenvolvemento barrial”; fortalecemento da identidade cultural; transversalización da igualdade de oportunidades e a equidade de xénero e do fortalecemento da sociedade civil dentro da IDI.

Outros actores implicados no IDI: Concello de Santiago de los Caballeros: a súa implicación comezou dende a identificación do IDI no ano 2007, que xunto coas comunidades son os principais protagonistas e xestores do seu propio modelo de desenvolvemento; *Corporación del Acueducto y Alcantarillado de Santiago de los Caballeros (CORAASAN)*: empresa pública responsable da dotación da auga e rede de sumidoiros da cidade, polo que traballan en coordinación directa co compoñente de auga; Deputación da Coruña: participa como doador dentro da liña de auga, saneamento e habitabilidade, financiando a ONGD ACPP.

2.4.4 Programa de formación de pescadores artesanais en Centroamérica

O ano 2009 marca o remate da primeira fase do Programa de formación para a pesca artesanal en Centroamérica (PRO-FOPAC), nacido no ano 2007 como un dos eixes estratéxicos para contribuír ao desenvolvemento do sector pesqueiro artesanal no istmo centroamericano. A súa execución levouse a cabo en colaboración coa Fundación CETMAR (dependente da Consellería do Mar) e coa Organización do Sector Pesqueiro e Acuícola do Istmo Centroamericana-



no (OSPESCA) e en coordinación coa Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

O propósito do PROFOPAC consistiu en elevar os niveis de capacitación e de formación do sector pesqueiro artesanal centroamericano como estratexia de apoio económico, social e ambiental sustentable da rexión, estruturándose en tres actuacións fundamentais: reforzo institucional, apoio aos pescadores artesanais e formación de formadores.

O resumo das actuacións desenvolvidas no ano 2009 é o seguinte:

Axente: Fundación CETMAR

Código/s CRS: 31320 (desenvolvemento pesqueiro), 31381 (educación e formación pesqueira)

Contraparte: *Organización del Sector Pesquero y Acuicola de Istmo Centroamericano (OSPESCA)*

Países: O Salvador, Honduras, Nicaragua, Guatemala, Panamá, Costa Rica e Belice.

Rexión: Centroamérica

Descrición: o proxecto pretende dar resposta aos requirimentos das contrapartes para reverter a situación de

carencias e necesidades tanto formativas como materiais detectadas en diferentes ámbitos do sector pesqueiro artesanal.

Obxectivos: desenvolvemento da actividade pesqueira e acuícola e apoio na seguridade dos pescadores artesanais; apoiar aos participantes á aplicación real dos coñecementos adquiridos na formación e que repercuten directamente na súa seguridade á hora de exercer a súa profesión de pescador/a; promover a participación e apoio dos centros de investigación pesqueira de Centroamérica para a xestión dos recursos mariños.

Poboación beneficiaria: pescadores artesanais, pequenos produtores acuícolas, técnicos e asesores en pesca e acuicultura, e investigadores de universidade e centros públicos, todos eles pertencentes ao istmo Centroamericano.

Orzamento total do proxecto: 115.000€

Axuda Xunta de Galicia: 115.000€



2.5 ACTUACIÓNS DOUTRAS CONSELLERÍAS

2.5.1 Actuacións da Consellería do Mar

A Consellería do Mar levou a cabo no ano 2009 un total de 8 actuacións en materia de cooperación exterior, desenvolvidas en Namibia, Mozambique, Perú e América Latina, as que se destinaron en total 657.052€.

En Namibia, a Consellería do Mar da Xunta de Galicia desenvolveu dous proxectos. Dun lado, facilitou asistencia técnica para a formación dos pescadores na localidade de Namfi entre 2008 e 2009, o que tamén contou co financiamento da AECID. Doutra banda, a consellería tamén puxo en marcha neste país africano unha actuación en materia de acuicultura rural a pequena escala no norte, igualmente coa participación da AECID.

En Mozambique, a Consellería do Mar tamén puxo en marcha dous proxectos no ano 2009. O primeiro deles de cooperación para o desenvolvemento sustentable da acuicultura na provincia de Niassa, coa participación da AECID; e en segundo lugar unha asistencia técnica para o reforzo dos sistemas de trazabilidade e inspección sanitaria dos

produtos da pesca artesanal e semi-industrial, neste caso en colaboración coa Comisión Europea a través do Programa SFP.

Tamén no ano 2009, Perú foi escenario doutras dúas actuacións en cooperación exterior da Consellería do Mar. Un destes proxectos, aínda en execución no exercicio 2010, está a desenvolver actividades acuícolas na zona litoral de Pisco, ao norte do país. A iniciativa comezou no ano 2008 e rematará no 2010 e a consellería achega equipamentos e asistencia técnica para a formación. Tamén en Perú, a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Mar, puxo en marcha un programa de extensión pesqueira dirixido ás comunidades da pesca artesanal no norte e o centro do país nos exercicios 2008-2009, actualmente finalizado pero pendente do posible desenvolvemento de novas actuacións polos bos resultados acadados.

Con vixencia para o período 2008-2009 a Consellería do Mar está a levar a cabo xunto coa FAO un programa de apoio ao desenvolvemento da acuicultura rural en América Latina, e tamén no exercicio de 2009 este departamento da Xunta de Galicia organizou o II Curso de Cooperación ao Desenvolvemento e a Acuicultura.





2.5.2 Actuacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia levou a cabo en materia de cooperación internacional dúas actuacións no eido da vivenda en cadanseu campo de refuxiados, a través de convenios de colaboración por importe total, no ano 2009, de 450.000€ con dúas entidades que se encargaron da posta en marcha e cumprimento dos obxectivos marcados polo Goberno galego para estas iniciativas:

01 Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a reconstrución integral do campo de refuxiados de Neirab, en Siria

O Goberno galego asinou este convenio co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade por importe total de 250.000€ en dúas anualidades (50.000€ no ano 2008 e 200.000 no 2009). Os fondos foron aboados integramente pola Xunta de Galicia, e o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade levou a cabo a execución dos obxectivos marcados.

Obxectivo: aliviar as condicións de extrema pobreza dos refuxiados palestinos no campo de Neirab en Siria. O obxectivo específico é a mellora das condicións de vida de 350 persoas no campo de refuxiados de Neirab.

02 Convenio coa Asociación Galega do Pobo Saharauí para a construción de 22 vivendas no barrio de solidariedade en Tifariti, no Sáhara occidental

O Goberno galego asinou este convenio en xaneiro do ano 2009 coa Asociación Galega do Pobo Saharauí por un importe total de 250.000 € para a construción de 22 vivendas. A Asociación Galega do Pobo Saharauí pretende apoiar o proxecto de cooperación internacional promovido pola Media Lúa saharauí para os refuxiados saharauís de construción de 22 vivendas no barrio da Solidariedade en Tifariti que se insire dentro dun Plan mestre, o cal abarca a construción dun parque de 152 vivendas na súa totalidade, das cales a extinta Consellería de Vivenda e Solo (actual Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas) financiaría 22 vivendas.

Obxectivos: aliviar as condicións de extrema pobreza dos refuxiados saharauís. O obxectivo específico é mellorar as súas condicións de vida.

2.5.3 Actuacións da Consellería de Sanidade

Esta consellería realiza accións de apoio á prevención de drogrodependencias en Chile e Arxentina por un total de 49.000€ e fortalecemento do sector saúde en Guinea Bisau, cunha achega de 20.000€.

2.6 IDENTIFICACIÓN DE PROXECTOS

A base para que a cooperación para o desenvolvemento sexa eficaz e aproveite ao máximo os recursos ao seu dispor é o traballo que a diario poñen en marcha institucións e asociacións, desenvolvendo en cada iniciativa as distintas fases do ciclo dos proxectos de cooperación para o desenvolvemento: identificación, formulación, seguimento e avaliación final.

No ano 2009 leváronse a cabo as seguintes identificacións:

01 Identificación e formulación dun programa de auga e saneamento en Cabo Delgado (Mozambique)

No ano 2008 comezouse a identificación deste programa dende a antiga Dirección Xeral de Cooperación Exterior, para o que se encargaron os seguintes traballos:

- “Asistencia técnica para a determinación de propostas para a cooperación internacional galega en materia de auga e saneamento en Mozambique”.
- “Traballos iniciais de deseño e formulación das actuacións de fortalecemento institucional no marco do proxecto de asistencia técnica para a determinación de actuacións de dotación de auga potable, capacitación e reforzo institucional, a desenvolver pola Xunta de Galicia en institucións públicas e comunidades da provincia de Cabo Delgado en Mozambique”.

Tras estes estudos de previabilidade realizados no ano 2008 e o traballo de campo desenvolto nos primeiros meses do mesmo ano, decidiuse seguir traballando para rematar esta identificación. Así dende a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia financiouse unha intervención e dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea financiáronse dúas, que a continuación se detallan:

- “Estudo da vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento rurais fronte a episodios de seca extrema nos

distritos de Cabo Delgado” (FAHG): o obxectivo é ter un coñecemento detallado, na zona seleccionada, da vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento de auga aos fenómenos cíclicos de seca e inundacións. Todo iso promove a vontade de traballar coas institucións do país e as comunidades rurais para conseguir un aumento da cobertura de auga e saneamento sustentable na poboación rural dos distritos do norte, que revertirá na mellora das condicións de vida das persoas. Así, contemplárase dende o principio de calquera acción de apoio os efectos que as secas e chuvias teñen sobre eles.

- “Estudo das necesidades de formación para o fortalecemento institucional a nivel distrital e/ou provincial en Cabo Delgado”: con este estudo preténdese acadar unha administración local e rexional forte e competente, que contribuíra a aumentar a confianza nos sistemas de abastecemento e saneamento da zona de actuación; aumentará tamén a transparencia na xestión e contribuírá ao aumento da vontade de pago, facendo que os sistemas sexan sustentables. Ademais hai que sinalar que este aspecto de fortalecemento institucional non está cuberto de xeito global por ninguén, e dita acción sería complementaria coa filosofía actual da AECID en agricultura e medio ambiente, moi demandada polos beneficiarios e polas ONG sectoriais de abastecemento e saneamento.

- “Traballos de campo para a formulación da liña de abastecemento e saneamento rural nos distritos de Cabo Delgado”: estes traballos de campo van dirixidos á redacción dun programa detallado que inclúa unha serie de actuacións encamiñadas a permitir un maior acceso á auga potable e saneamento da poboación rural en varios distritos de Cabo Delgado. Para acadar este obxectivo é necesario un traballo exhaustivo previo de identificación en terreo, que desembocará nunha formulación final que se entregará no 2010, composta de dúas vertentes identificadas dende o comezo: liña de traballo técnico e transformación social coas comunidades, e a liña de fortalecemento institucional.

02 Identificación da problemática do acceso á auga potable e propostas de actuación en Bamako (Malí)

O obxectivo principal deste proxecto foi realizar unha análise da situación actual de abastecemento de auga e saneamento na cidade de Bamako.



Esta actuación xorde a partir do contacto mantido pola Asociación de Municipios Maliana (*AMM, Association des Municipalités du Mali*), a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a Xunta de Galicia no que se transmite a preocupación sobre a situación dos municipios de Malí en referencia ao abastecemento e saneamento de auga, propoñendo a posibilidade de realizar traballos externos para a identificación dos principais problemas. En particular fábase da deficiente calidade da auga na capital maliana, Bamako, que podería ser o primeiro municipio que fora obxecto dun proxecto de identificación de detalle.

Os comentarios da OTC e outros actores da cooperación internacional permitiron nunha primeira análise coñecer a relación entre o deficiente estado do abastecemento e o saneamento de auga en Bamako, o grao de descoñecemento sobre a propia infraestrutura existente e a variedade de fontes de acceso ao recurso auga.

Esta variedade inclúe a existencia de fontes de auga superficial e puntos de subministración de auga subterránea, con diferentes tipoloxías e problemáticas específicas. Por todo iso, e dada a complexidade do medio existente, a necesida-

de de realizar varias visitas a terreo nas sucesivas fases e a importancia de contar con expertos nas diferentes partes do proxecto, o equipo de traballo quedou configurado finalmente polo Grupo de Enxeñaría da Auga e do Medio Ambiente da Universidade da Coruña e a consultora Amphos 21 Consulting, S.L.

Tras un traballo de análise da problemática e varias reunións de coordinación, elaborouse unha proposta de actores e fases do proxecto, que comezaría cunha primeira parte de identificación xeral con desprazamento a terreo para unha valoración inicial, cuxos resultados foron presentados no primeiro semestre do ano 2009.

03 Identificación dunha problemática para o desenvolvemento dunha nova IDI na zona de Chiriaco, no departamento do Amazonas, Perú

No ano 2008, a partir do éxito da experiencia realizada no eido educativo, comezouse unha identificación para a realización dunha nova iniciativa de desenvolvemento integral (IDI) no departamento do Amazonas, máis concretamente, na zona de Chiriaco (distrito de Imaza).



A raíz da problemática identificada definíronse as seguintes liñas de actuación:

- Mellora das condicións de habitabilidade básica
- Fortalecemento do sistema de saúde
- Desenvolvemento da educación intercultural bilingüe
- Desenvolvemento dun centro de formación de educación técnica rural
- Desenvolvemento produtivo e xestión dos recursos naturais
- Fortalecemento de capacidades institucionais e estruturais sociais locais
- Identidade cultural e intercultural, con especial incidencia no enfoque de xénero

A pesares da dificultade de acceso, das extremas condicións de vida e da escasa presenza de actores de cooperación, o traballo feito ata o de agora tivo unha grande implicación coa comunidade local reflectido en visitas, entrevistas e realización de talleres.

Támén houbo unha grande implicación das institucións públicas, froito do que se redactou un Acordo marco entre o Goberno Rexional de Amazonas, o Plan Binacional de Desenvolvemento da Rexión Fronteiriza Perú-Ecuador e a Xunta de Galicia, no que se define a implicación de cada un no proceso de identificación. En 2009 rematou este traballo de identificación.

04 Identificación dos problemas do sector pesqueiro de Haití para o desenvolvemento de iniciativas conxuntas entre o goberno haitiano e a Xunta de Galicia

No ano 2008 a Administración gobernamental haitiana competente en materia pesqueira solicitou a colaboración da Xunta de Galicia, coa finalidade de deseñar e pór en marcha un Programa integral de desenvolvemento pesqueiro no seu país.

Deste xeito, durante os meses de abril e xuño levouse a cabo un proceso de identificación xunto ao Goberno haitiano, a AECID e a FAO, dos principais problemas que padece o sector, así como das oportunidades que presenta, para posteriormente efectuar a definición de prioridades e obxectivos que se van abordar no programa.

O resultado deste proceso previo consistiu no deseño de estratexias e accións concretas, enmarcadas en catro eixes de intervención cunha estratexia a cinco anos, me-

dante o traballo e a complementariedade coas políticas públicas e de cooperación existentes.

Os catro eixes de intervención nos que se pretende traballar son:

- Marco legal e institucional
- Aspectos socioeconómicos do sector
- Comercialización e promoción de produtos pesqueiros
- Xestión pesqueira

O traballo nestes eixes incluíu accións directas nas comunidades de pescadores, que permiten retroalimentar de xeito encadeado dende os traballadores á Administración, as actuacións realizadas asegurando a mellora da calidade de vida da poboación.

05 Proxecto de capacitación para profesionais que traballan con persoas con discapacidade e anciáns en Brasil

Este programa impúlsase xunto á Secretaría Municipal da Persoa con Deficiencia da Prefectura de Río de Janeiro, o Instituto Nacional de Educación de Xordos, o Instituto Nacional de Cegos, a Asociación Brasileira de Beneficencia e Rehabilitación e o Instituto Brasileiro de Defensa dos Deficientes; co apoio da AECID e o Ministerio de Desenvolvemento Social e Combate contra a Fame do Goberno Federal Brasileiro.

O proxecto, desenvolvido e financiado pola Consellería de Traballo e Benestar e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, implica a formadores de distintas institucións e departamentos da Xunta de Galicia e de organizacións do eido social galego con experiencia en discapacidade.

Durante o primeiro trimestre de 2009 completouse a formulación do Plan de Formación de acordo con todas as institucións implicadas así como o seu orzamento definitivo.

03 Axuda

HUMANITARIA E DE EMERXENCIA

3.1 CONVENIOS 2009

A Fundación Axencia Humanitaria de Galicia asinou no ano 2009 un total de 8 convenios con distintas ONGD para o desenvolvemento de proxectos de axuda. O financiamento adicado a estes convenios elevouse a 365.000€ destinados a accións en lugares coma Cixordania, Cuba, Guatemala, a franxa de Gaza ou Somalia, das que se beneficiaron máis de 127.000 persoas en situación precaria por distintos motivos.

O resumo dos citados convenios é o seguinte:

- Convenio coa **Fundación Araganey** por importe de 25.000€ para a realización dun proxecto de acción humanitaria no campo de refuxiados de Asker, en Cixordania. Grazas a este convenio púxose en marcha a construción dun centro infantil en Hewar cun duplo beneficio para os 60.000 habitantes deste territorio: dun lado o servizo que presta aos seus usuarios, e doutro coma xerador de emprego, tanto nas tarefas de construción coma na dotación de persoal para o seu funcionamento ordinario.

- Convenio coa **Parroquia del Espíritu Santo** por importe de 30.000€, que permitiu levar a cabo o proxecto de asistencia e atención básica diaria a anciáns e enfermos en risco de exclusión social na Habana (Cuba). Os 40.000 habitantes do barrio da Habana Vieja beneficiáronse do comedor parroquial, o lavado de roupa, a comida a domicilio para

as persoas con problemas de mobilidade e a entrega mensual de produtos hixiénicos e alimenticios de primeira necesidade.

- Convenio coa **Asociación de Cooperación co Sur ACSUR-Las Segovias**, por importe de 90.000€, para o desenvolvemento da segunda fase do proxecto de acción humanitaria de fortalecemento das capacidades para a xestión dos riscos de desastre nas comunidades da conca do río Samalá (Guatemala). En total 16.000 persoas, entre campesiños e indíxenas, beneficiáronse desta iniciativa para mellorar a preparación e a capacidade de resposta ante os desastres naturais en 5 comunidades, dous barrios e os municipios de Champerico e Retalhuleu.

- Convenio coa **Asociación de Cooperación co Sur ACSUR-Las Segovias**, por importe de 50.000€ para levar a cabo un proxecto de acción humanitaria de apoio á rehabilitación agrícola e social en dúas cooperativas do municipio de Pinar del Río (Cuba), afectadas polo paso dos furacáns Gustav e Ike pola illa caribeña. Esta iniciativa contemplou ademais a reactivación da capacidade de produción e mellora das condicións habitacionais en dúas cooperativas de produción agropecuaria para reducir ademais a súa vulnerabilidade ante os fenómenos naturais. Os beneficiarios directos deste proxecto foron os 145 socios e socias destas dúas cooperativas e as 35 familias seleccionadas para dotalas con material de

construción e rehabilitación para as súas vivendas e un kit de enseres domésticos para repoñer as perdas sufridas co paso dos furacáns. Indirectamente este proxecto beneficia aos 1.307 habitantes das comunidades de El Sitio e Canalote.

•Convenio con **ACNUR - Comité Español** por importe de 60.000 € para a posta en marcha dun proxecto de axuda de emerxencia a desprazados internos somalís, a través da distribución de equipamentos domésticos básicos. Máis de 1.000 familias (entre 7.000 e 8.000 desprazados) beneficiáronse desta contribución ao proceso de protección internacional e mellora das condicións de vida dos desprazados internos en Somalia, proporcionándolles asistencia de emerxencia en servizos básicos nos asentamentos onde se atopan.

•Convenio coa **Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí**, por importe de 20.000€ (aos que se sumaron outros 40.000€ achegados pola Subdirección Xeral de Cooperación), para dar apoio sanitario á poboación que vive nos campamentos de refuxiados saharauís de Tindouf (Alxeria), e especificamente ao caso do asentamento da wilaya de Samara. O obxectivo desta acción humanitaria é mellorar o nivel de saú-

de e diminuír a morbilidade da poboación que reside nos campamentos de Tindouf, aportando prevención, diagnóstico, tratamento e rehabilitación das súas patoloxías.

•Convenio con **Asemblea de Cooperación pola Paz** por importe de 50.000 € co obxecto de mellorar as condicións económicas e de seguridade alimentaria de 22 familias de varias poboacións da franxa de Gaza. Con esta actuación lévase a cabo unha mellora dos estándares de seguridade alimentaria e de acceso á auga para uso agrícola.

•Convenio con **Farmamundi** por importe de 40.000€ destinados aos países en conflito bélico ou aqueloutros que sufriran algún desastre natural. A través del deuse cobertura ás necesidades sanitarias básicas da poboación que vivía en campos de persoas desprazadas dentro do seu propio país. Ao abeiro deste convenio dedicáronse 20.000€ á atención da urxencia sanitaria en Kenya, 9.000€ para a distribución de 552 kits hixiénicos para responder a emerxencias humanitarias en Filipinas e adicáronse outros 11.000€ para mercar material de stock para este tipo de emerxencias.





3.2. EMERXENCIAS ATENDIDAS

No ano 2009 a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia atendeu catro grandes emerxencias: as rexistradas en Gaza pola ofensiva israelí na franxa; en Filipinas tralo paso do tifón Ketsana; as consecuencias do terremoto que sacudiu Sumatra (Indonesia); e os efectos devastadores que o furacán Ida deixou no Salvador. Nestas catro emerxencias humanitarias a nivel mundial a FAHG aportou 38.000€ aos labores internacionais de socorro coordinados en España a través da AECID.

Emerxencia en Gaza

Dende o 27 de decembro de 2008 até o 18 de xaneiro de 2009 a ofensiva israelí chamada “Operación Chumbo Fundido” na franxa de Gaza mantivo un constante bombardeo por terra, mar e aire que rematou con 1.400 palestinos mortos e millóns feridos. A Fundación Axencia Humanitaria de Galicia respondeu á chamada de auxilio internacional aportando 10.000€ que se destinaron a financiar parte da carga do avión que saíu o 20 de xaneiro de Torrejón de Ardoz con material de primeira necesidade para a poboación afectada.

Tifón Ketsana en Filipinas

O 27 de setembro de 2009 o paso da tormenta tropical Ketsana por Filipinas causou máis de 250 mortos e 1,8 millóns de damnificados. A falla de alimentos e as pésimas condicións de hixiene e salubridade deron a voz de alarma internacional, á que respondeu a Xunta de Galicia a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia co envío á zona afectada de 552 kits hixiénicos familiares para paliar os problemas de salubridade que se estaban a producir na zona devastada polo tifón. A achega galega a esta emerxencia internacional ascendeu a 9.000€ e, segundo a AECID, Galicia foi neste caso das primeiras comunidades en coordinar o envío de axuda e remitir o material solicitado polas autoridades filipinas. O operativo saíu o 2 de outubro da base aérea de Torrejón de Ardoz coa axuda galega.

Terremoto en Sumatra

A localidade indonesa de Sumatra sufriu o 30 de setembro de 2009 un terremoto de 7,6 graos na escala Richter, con epicentro a 50 quilómetros ao nordeste de Padayo, a capital de Sumatra Occidental. O tremor deixou máis de 1.100 falecidos, milleiros de persoas desaparecidas e as infraestruc-

turas da zona, coma hospitais e estradas de acceso, seriamente danadas. A chamada de auxilio internacional levou á AECID a enviar á zona 40 toneladas de material humanitario (fundamentalmente de acubillo, auga e saneamento) acompañado por un continxente de 40 persoas para axudar nas tarefas de salvamento, distribuír a axuda humanitaria e colaborar no saneamento da zona afectada. O envío da axuda española foi posible grazas ás achegas feitas ante a chamada da AECID por Galicia, Estremadura e Madrid. A colaboración galega supuxo 9.000€ en material humanitario para paliar os efectos da catástrofe provocada polo terremoto en Sumatra.

Furacán Ida no Salvador

O 7 de novembro de 2009 a costa do Salvador sufriu o furiundo ataque dun furacán, o Ida, con categoría 1 na escala Saffir-Simpson dun total de 5 niveis. O Goberno do Salvador decretou o estado de emerxencia ante os máis de 130 mortos, 60 desaparecidos e 13.680 persoas aloxadas en 118 centros en todo o país, 209 vivendas completamente destruídas, outras 1.835 parcialmente, 18 pontes caídas e danos innumerables nas colleitas de feixón da zona. Novamente a petición internacional de auxilio tivo resposta dende Galicia. En colaboración coa AECID, a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia puxo ao dispor dos afectados no Salvador 10.000€ en material humanitario, en concreto 150 kits de cociña, 100 kits hixiénico-familiares e 100 mantas, que saíron cara o Salvador o 11 de novembro nun envío da AECID dende o seu centro loxístico en Panamá.

3.3 OUTRAS ACTUACIÓNS

•Leite en po

A finais do mes de outubro de 2008 a Consellería do Medio Rural e a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia asinaron un acordo de colaboración coa doazón de 200 toneladas de leite en po para que a FAHG a remitira aos países necesitados. Esta doazón foi ampliada posteriormente por Medio Rural aportando outras 291,42 toneladas de leite en po e 56.000€ destinados ao transporte e distribución desta axuda sobre o terreo que incrementaron o orzamento inicial de 720.000€ da FAHG.

A FAHG distribuíu a axuda entre catro ONGD que a repartiron en sete países:

Cáritas Española- Cáritas Haití recibiu 48 toneladas de leite en po e 8.469,08€ para o seu transporte ata a poboación haitiana destinataria desta axuda.

A Empresa Executora de Donativos recibiu 72 toneladas de leite en po e 16.161,34€ para o seu transporte ata as poboacións de Pinar del Río e Isla de la Juventud en Cuba, ambas afectadas polos furacáns Gustav, Hanna e Ike.

A **ONGD Programa Mundial de Alimentos** recibiu 40 toneladas de leite e 14.862 € para a súa distribución en Guatemala.

A **Federación Niños del Mundo** xestionou o reparto de 231,425 toneladas de leite en Guatemala, Bolivia, Chile, Perú e ao Sáhara, para o que contou con 56.000 € para o seu transporte.

•Material de apoio á prevención de emerxencias en Perú

A Fundación Axencia Humanitaria de Galicia participou en 2009 a través da Asociación Cultural Bombeiros de Galicia na entrega de material de apoio á prevención de emerxencias na rexión peruana de Piura. Parcas, mantas, caixas de primeiros auxilios - mochila, tendas de campaña, xerseis, suadoiros, camisetas e botas foron a achega de material de acubillo feita pola FAHG para contribuír ao proxecto de reforzamento da capacidade de reacción dos equipos de emerxencia no pobo de Santo Domingo, onde viven 10.000 persoas en condicións de extrema vulnerabilidade.

•Identificación en Cabo Delgado (Mozambique)

No ano 2008 deu comezo un programa de identificación de auga e saneamento en Cabo Delgado grazas á cooperación entre a antiga Dirección Xeral de Cooperación Exterior e a Fundación Axencia Humanitaria de Galicia. Deste programa fixéronse dous estudos de viabilidade para comprobar os seus resultados, á vista dos cales continúan os traballos. En concreto estase a levar a cabo un estudo de vulnerabilidade dos sistemas de abastecemento rurais fronte a episodios de seca extrema e outros de inundacións.

Neste proxecto a Xunta de Galicia está a traballar coas institucións e as comunidades rurais da zona, para incrementar a cobertura de auga e saneamento na poboación rural dos distritos do norte do país, mellorando así as súas condicións de vida.

04 Actuacións

DE SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E DE EMERXENCIA

4.1 CONVOCATORIA 2009 DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN

Na convocatoria do ano 2009 a Xunta de Galicia aprobou 19 proxectos de sensibilización e educación para o desenvolvemento, cun financiamento global de 305.278€ para as anualidades 2009 e 2010. Un total de 18 ONGD foron as beneficiarias destas axudas, para as que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE destinou 213.323€ en 2009.

Estes proxectos de sensibilización inciden na sociedade galega e buscan concienciar aos cidadáns na importancia da cooperación ao desenvolvemento e a súa contribución para achegarnos a un mundo máis xusto no que cada vez sexan menos as desigualdades que hoxe existen con respecto aos países do Sur.

Os 19 proxectos son os seguintes:

01 Campaña de sensibilización Educar Sumando, a fórmula do cambio. A educación inclusiva, motor do desenvolvemento humano

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación
Axente: Fundación InterRed

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: promover o desenvolvemento da educación inclusiva como estratexia para a consecución dunha socie-

dade galega máis xusta e equitativa.

Obxectivos: favorecer a sensibilización e a formación da sociedade galega sobre o dereito a unha educación máis inclusiva e de calidade en América Latina, como ferramenta para o desenvolvemento e a transformación de sociedades excluíntes.

Poboación beneficiaria:

-Educadoras e educadores da educación non formal dos concellos de Arteixo, Bergondo e Cambre, Dumbria, Santiago de Compostela, Mariña lucense (especialmente Mondoñedo e Lourenzá), Caldas de Reis, Vilagarcía de Arousa, O Rosal, Pontevedra e Lalín.

-Profesorado e o seu alumnado de infantil, primaria, secundaria e bacharelato dos centros educativos de A Coruña (1 centro), Arteixo, Bergondo, Cambre, Touro, O Grove, Vigo, Tui, Lalín, Tomiño, Monforte de Lemos, Lugo, Mondoñedo, Lourenzá, Viana do Bolo e ás familias (ANPA).

-Alumnado universitario e profesorado das tres universidades galegas.

-CFR Vigo, Ourense e Tui-Vigo.

-Sociedade en xeral e medios de comunicación.

Orzamento total do proxecto: 15.692€

Axuda Xunta de Galicia: 14.122€ (2009: 8.473€ - 2010: 5.649€)

02 Formación a través de actividades lúdico-educativas a colectivos sociais, a mocidade e persoal docente de 24 institutos sobre dereitos humanos, cidadanía e interculturalidade

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: ACSUR Las Segovias



Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: fomentar o coñecemento e a solidariedade así como facilitar ferramentas a colectivos sociais, estudanteo e profesorado da Comunidade Autónoma galega para incorporar o enfoque intercultural e de cidadanía na súa práctica diaria.

Obxectivos: proporcionar unha adecuada formación a través de actividades lúdico-educativas a colectivos sociais, a mozos e mozas e persoal docente de 24 institutos sobre dereitos humanos, cidadanía e interculturalidade.

Poboación beneficiaria directa: 50 mozos/as inmigrantes e xente de colectivos sociais, 2400 estudantes e 72 docentes de 24 institutos participantes.

Poboación beneficiaria indirecta: inmigrantes residentes e persoas de colectivos sociais que traballan con inmigrantes ou interesados/as no tema.

Orzamento total do proxecto: 28.005€

Axuda Xunta de Galicia: 23.000€ (2009: 13.800€ - 2010: 9.200€)

03 O prometido é débeda

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Jóvenes y Desarrollo

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: esta campaña de educación para o desenvolvemento “O prometido é débeda” é a continuación das dúas anteriores que tratan tanto os obxectivos do milenio, coma a realidade das mulleres a partires do obxectivo número 3 da Declaración dos obxectivos do milenio.

Obxectivos: sensibilizar aos escolares galegos, xunto ao seu profesorado e educadores, sobre as relacións comerciais, económicas e de cooperación entre países e como podemos actuar dende o noso día a día.

Poboación beneficiaria directa: 350 profesores/educadores, 4.000 alumnos/as dos colexios e rapaces/as que participan nas actividades de centros xuvenís e de tempo libre, 30 voluntarios/as e colaboradores/as da asociación.

Poboación beneficiaria indirecta: 3.000 persoas que se achegan á exposición e a obradoiros e demais actividades en lugares fóra do ámbito escolar.

Orzamento total do proxecto: 25.709,5€

Axuda Xunta de Galicia: 22.190€ (2009: 13.314€ - 2010: 8.876€)

04 Proxecto de educación para o desenvolvemento Voces do Sur

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Asociación Amarante para o Ecodesenvolvemento

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: visualizar entre a sociedade galega a realidade dos países do Sur e as consecuencias que se derivan das políticas internacionais, sen esquecer os cambios que se producen a través do traballo das organizacións e da cooperación para o desenvolvemento.

Obxectivos: visualizar o traballo da cooperación galega coas organizacións do Sur na mellora das condicións de vida e sociocomunitarias.

Fomentar os valores da solidariedade e o coñecemento das causas da pobreza entre a sociedade galega.

Poboación beneficiaria directa: comunidade educativa, persoas vinculadas á solidariedade, persoas adultas de entre 25 e 45 anos. En concreto, un 30% dos centros educativos de Galicia.

Poboación beneficiaria indirecta: un 20% da poboación das cidades de Vigo, Pontevedra, Ourense e Compostela e un 40% da poboación da Mariña lucense (Ribadeo, Foz, Viveiro, etc.).

Orzamento total do proxecto: 27.780€

Axuda Xunta de Galicia: 25.000€ (2009: 15.000€ - 2010: 10.000€)

05 Sensibilización e mobilización social para unha cidadanía global galega

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Intermón Oxfam

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: proporcionar información e coñecemento entre os mozos, voluntarios e sociedade galega en xeral sobre a realidade dos países do Sur e, en particular, sobre os temas de cambio climático e agricultura.

Obxectivos: proporcionar instrumentos de reflexión - acción así como ferramentas didácticas ao profesorado para facilitar que a teoría e a práctica da educación para a cidadanía global se incorporen nas crenzas e actitudes do alumnado e profesorado galego.

Poboación beneficiaria: 20.000 persoas. O colectivo prioritario nas actividades de rúa, web e música é a mocidade entre 18 e 25 anos. Con especial atención a aqueles que potencialmente actuarían pola xustiza social global.

Orzamento total do proxecto: 32.803€

Axuda Xunta de Galicia: 23.597€ (2009: 14.158,20€ - 2010: 9.438,80€)

06 Cidadanía global e interculturalidade: da reflexión á acción da mocidade e do profesorado da rede solidaria da mocidade

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Entreculturas – Fe e Alegría

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: fomentar o desenvolvemento dunha cidadanía galega global, activa, comprometida, informada e crítica para a construción dunha sociedade máis xusta, solidaria e participativa.

Obxectivos: fomentar entre a sociedade e o voluntariado galego a comprensión e respecto á diversidade cultural e á interacción entre culturas para a transformación das situacións de inxustiza a nivel local e global desde unha perspectiva de cidadanía global.

Poboación beneficiaria directa: entre 30 e 6.000 alumnos/as e de 15 a 400 profesores de 15 a 25 centros educativos de ESO e bacharelato de Galicia.

Poboación beneficiaria directa: profesorado, alumnado e a totalidade da comunidade educativa dos centros participantes; en último termo, a sociedade galega.

Orzamento total do proxecto: 22.000€

Axuda Xunta de Galicia: 19.000€ (2009: 11.880€ - 2010: 7.920€)

07 Mellora da educación para o desenvolvemento na educación primaria e secundaria, e da formación en cooperación ao desenvolvemento no ámbito universitario

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Asemblea de Cooperación pola Paz

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: promover unha maior conciencia solidaria e a educación en valores na educación formal da nosa comunidade.

Obxectivos: mellora das capacidades e ferramentas para unha educación en valores na ensinanza primaria e secundaria e promover a formación especializada en cooperación para o desenvolvemento no eido universitario.

Poboación beneficiaria directa: 302 persoas, entre alumnado de primaria, secundaria e universitaria, e equipos docentes de primaria e secundaria de 6 centros de ensino (4 CEIP en Santiago de Compostela, 1 CEIP en A Coruña e 1 IES en Lalín); 40 alumnos/as da Universidade de Santiago

de Compostela (USC) interesados na cooperación para o desenvolvemento dos campus de Lugo e Santiago.

Poboación beneficiaria indirecta: aproximadamente 950 persoas, distribuídas entre: as seis comunidades educativas onde se leva a cabo o proxecto; as familias e grupos de iguais do alumnado; e o sector da cooperación.

Orzamento total do proxecto: 15.708,32€

Axuda Xunta de Galicia: 14.138€ (2009: 8.483€ - 2010: 5.655€)

08 Facendo familias na educación infantil (2ª Fase)

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Meniños

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: educar na solidariedade e na promoción do bo trato aos nenos e nenas da primeira infancia de Galicia, mediante o fomento de actitudes participes e responsables, coa aplicación da proposta educativa para educación infantil "Facendo familias".

Obxectivos: fidelizar a participación no ano 2009 de centros educativos que xa o fixeron no 2008; promover o co-

ñecemento e participación na proposta por parte de novos colexios; promover a participación no concurso dunha porcentaxe representativa dos centros educativos, de cara a recoller e dar publicidade ás achegas dos nenos e as nenas; promover a participación da sociedade galega en accións de educación e prevención, mediante a colaboración voluntaria.

Poboación beneficiaria directa: un total de 61.186 nenos e nenas de Galicia do 2ª ciclo da educación infantil.

Poboación beneficiaria directa: os seus profesores e profesoras e as súas familias.

Orzamento total do proxecto: 43.137,82€

Axuda Xunta de Galicia: 6.000€ (2009: 6.000€)

09 Combater a fame. Proxecto de todos. Segundo o 1º ODM.

Contra a fame, defender a terra. Segundo o 1º ODM

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Mans Unidas

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: concienciar á poboación sobre a necesidade



de alcanzar no 2015 o cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

Obxectivos: coñecemento do 1º ODM: “Erradicar a pobreza extrema e a fame” e difundir a necesidade de acadar o seu cumprimento.

Poboación beneficiaria directa: 5.000 profesores/as e 54.000 nenos e nenas de todos os ciclos educativos non universitarios; 376.400 persoas das parroquias galegas (catequistas, nenos/as, maiores, clero) e 200 estudantes, profesores/as universitarios e público en xeral asistentes ao Curso de Cine e Valores, xornadas de verán e ás charlas de sensibilización organizadas nas universidades galegas.

Poboación beneficiaria indirecta: A poboación galega en xeral por medio das campañas de comunicación e charlas e conferencias en centros socioculturais, concellos, etc.

Orzamento total do proxecto: 35.000€

Axuda Xunta de Galicia: 20.500€ (2009: 20.500€).

10 Contra a crise alimentar: consumo, produción, políticas e cooperación

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Veterinarios sen Fronteiras

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: conseguir un cambio social en Galicia a favor da soberanía alimentaria dos pobos como novo paradigma para a loita contra a pobreza.

Obxectivos: difundir en Galicia as consecuencias do modelo agroindustrial para as poboacións rurais de países empobrecidos a través de dous exemplos: un sobre políticas (Tratado de libre comercio) e outro sobre consumo (monocultivos de soia).

Poboación beneficiaria: estudantes universitarias/os, persoas con formación universitaria e activistas das redes galegas pola soberanía alimentar ou de perfil altermundista, persoas relacionadas coa profesión veterinaria, co mundo rural, coa produción de alimentos, co consumo responsable, máis todas aquelas preocupadas pola alimentación saudable, o consumo responsable, a solidariedade e a defensa dun rural vivo.

Orzamento total do proxecto: 7.514€

Axuda Xunta de Galicia: 6.140€ (2009: 3.684€ - 2010: 2.456€).

11 Campaña de sensibilización sobre a cooperación no rural galego

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Ecos do Sur

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: accións que propicien o cambio previo de actitudes e valores da sociedade que garantan a consolidación e sustentabilidade de actuacións de desenvolvemento dos pobos.

Obxectivos: sensibilizar e informar ao alumnado sobre as causas da pobreza e as posibilidades reais de superación destas nos países máis desfavorecidos; formar ao profesorado.

Poboación beneficiaria: alumnado dos centros escolares: un centro de primaria e de secundaria seleccionado en cada un dos concellos obxectivo do proxecto.

Orzamento total do proxecto: 19.730€

Axuda Xunta de Galicia: 14.798€ (2009: 14.798€)

12 Programa educativo e accións de sensibilización para un consumo consciente e unha sociedade sustentable

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Asociación Cultural de Cooperación e Desenvolvemento A Cova da Terra

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: concienciar á sociedade en xeral, e en particular á comunidade educativa, sobre a necesidade dun consumo responsable e das alternativas de comercio respectuosas coa dignidade humana e a conservación do medio ambiente.

Obxectivos: consolidar a oferta de formación e sensibilización a través do programa educativo sobre consumo responsable e comercio xusto, dirixido ao alumnado de primaria e secundaria e ao profesorado correspondente, nomeadamente nos centros do rural; crear conciencia na sociedade sobre os problemas medioambientais e sociais debidos ás nosas pautas de consumo e favorecer un espazo de debate sobre o tema.

Poboación beneficiaria: alumnado e profesorado de educación primaria e secundaria de Galicia, con especial fincapé nos situados no medio rural, aproximadamente uns 700 beneficiarios directos de 100 centros educativos; 300 beneficiarios directos nos socios e voluntarios e profesionais do sector forestal.

Orzamento total do proxecto: 12.067,80€

Axuda Xunta de Galicia: 10.850€ (2009: 10.850€).

13 Campaña Fomento Consumo Responsable

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: solidariedade Internacional Galicia

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o proxecto incide no fomento dun consumo responsable e dunha oferta e alternativa real de comercio xusto.

Obxectivos: reflexionar sobre o consumo de masas, fomentar un consumo responsable e dar a coñecer e afondar sobre a alternativa do comercio xusto entre a comunidade escolar galega.

Poboación beneficiaria directa: 2.200 beneficiarios/as de 17 centros educativos dos cales polo menos 12 pertencerán a zonas rurais ou semirrurais.

Poboación beneficiaria indirecta: unhas 27.300 persoas resultado da difusión no entorno do alumnado participante.

Orzamento total do proxecto: 33.003,81€

Axuda Xunta de Galicia: 24.935€ (2009: 14.961€ - 2010: 9.974€)

14 10ª Aula itinerante dos contos solidarios (2009/2010)

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Bicis pola Paz

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas

relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: concienciar e sensibilizar a través dos contos e de xogos solidarios á sociedade sobre a problemática da desigualdade social promovendo hábitos diarios de solidariedade.

Obxectivos: dar a coñecer as situacións de desigualdades económicas e sociais entre os pobos e as persoas da terra, incidindo nas causas e nas posibles solucións; promover hábitos diarios de compromiso solidario e medioambiental dando a coñecer o traballo das ONGD en Galicia; concienciar sobre a importancia da bicicleta como medio de transporte nos países; divulgar o comercio xusto; promover hábitos de lectura e fomentar a participación das alumnas e alumnos na creación dos seus propios contos solidarios; achegar a outros foros os contos solidarios a través da páxina web www.contosolidarios.org

Poboación beneficiaria directa: aproximadamente 5.000 nenas e nenos, mulleres e homes, pertencentes a centros escolares de educación infantil, primaria, ESO e bacharelato, e a outro tipo de centros educativos (hospitais, centros



de discapacitados, centros da terceira idade, bibliotecas), en especial do medio rural galego.

Poboación beneficiaria directa: educadores/as e resto do persoal dos centros educativos; ademais de todas aquelas persoas que se acheguen a coñecer as actividades que propón o proxecto.

Orzamento total do proxecto: 12.500€

Axuda Xunta de Galicia: 6.250€ (2009: 3.750€ - 2010: 2.500€)

15 En acción contra a desigualdade. Plántalle cara á pobreza!

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Axuda en Acción

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: levar a cabo varias liñas de acción, co compromiso de informar, formar e sensibilizar sobre os desastres e a desigualdade de xénero e económica.

Obxectivos: formar e sensibilizar á poboación galega en xeral, e ao alumnado de centros educativos (formais e non formais) e integrantes de asociacións de mulleres rurais en particular, acerca das causas que orixinan as desigualdades no mundo e a pobreza.

Orzamento total do proxecto: 28.420€

Axuda Xunta de Galicia: 22.518€ (2009: 13.510,80€ - 2010: 9.007,20€)

16 Campaña Mundial pola Educación en Galicia

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Axuda en Acción, Educación sen Fronteiras, Fundación Entreculturas – Fe e Alegría, InterRed Galicia, Fundación Intermón Oxfam, *Jóvenes y Desarrollo* (antes *Jóvenes del Tercer Mundo*), Seminario Galego de Educación para a Paz

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: promover a educación como un dereito humano básico e mobilizar á sociedade civil para que esixa aos gobernos e á comunidade internacional que cumpran as súas promesas de prover de educación básica libre, obrigatoria e pública a todo o mundo; en particular á infancia, ás mulleres, aos adultos e ás poboacións máis desfavorecidas.

Obxectivos: informar e sensibilizar ao mundo educativo e político sobre os Obxectivos de Dakar (e os compromisos firmados) e a importancia da educación para todas e todos.

Poboación beneficiaria: este proxecto de sensibilización vai destinado ao público en xeral, fixando como segmentos

prioritarios a comunidade educativa (educación formal e non formal), as institucións públicas galegas e os medios de comunicación.

Orzamento total do proxecto: 15.654,02€

Axuda Xunta de Galicia: 13.913€ (2009: 13.913€)

17 Olladas desde o golfo de Fonseca, Centroamérica.

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Amigos da Terra Galicia Xuventude

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: contribuír ao recoñecemento da prioridade ambiental como clave para mellorar as condicións de vida das comunidades empobrecidas.

Obxectivos: concienciados tres sectores da poboación galega (administración, sociedade e ONGD) sobre a importancia da cooperación ambiental.

Poboación beneficiaria directa: administracións públicas, como impulsoras e difusoras da importancia da integración da perspectiva medioambiental na cooperación enfocada neste caso cara á pesca artesanal con boas prácticas afíns co medio ambiente; polo menos 45 ONGD da Coordinadora Galega que realizan as súas actividades nalgunha das provincias de Galicia, confrarías de pescadores artesanais de Galicia, asociacións de veciños, centros escolares de bacharelato, centros culturais, etc.

Poboación beneficiaria directa: sociedade en xeral que escoite a radio, lea a prensa ou vexa a TVG, así como o conxunto de beneficiarios das distintas ONGD de Galicia.

Orzamento total do proxecto: 21.157,31€

Axuda Xunta de Galicia: 18.477€ (2009: 11.086€ 2010: 7.391€)

18 Apoio a actividades da campaña "Tu turno, mi turno, consumo responsable" 2009

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Taller de Solidariedade

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: o proxecto consiste na realización de talleres de solidariedade que queren sensibilizar sobre o consumo responsable.

Obxectivos: promover o uso de bolsas reutilizables para 1.500 persoas en Vigo, Ourense e Lugo; coñecer experiencias produtivas de comercio xusto de Filipinas, Perú e Arxentina que promoven o consumo responsable en centros educativos de secundaria a través dunha vídeo-reportaxe.

Poboación beneficiaria: o proxecto vai dirixido aos nenos/as de ensinanza secundaria (ESO e BAC) e formación pro-



fesional de centros educativos de toda Galicia, ademais da poboación en xeral.

Orzamento total do proxecto: 11.518€

Axuda Xunta de Galicia: 9.720€ (2009: 5.832€ - 2010: 3.888€)

19 Campaña educativa de mobilización e cooperación de Unicef Galicia co programa de supervivencia infantil de Unicef en Nixer

Instrumento de financiamento: sensibilización e formación

Axente: Fundación Unicef

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: partindo do exemplo concreto da situación da infancia en Nixer, preténdese mobilizar as vontades no norte para propiciar o cambio social que levará a unha sociedade máis consciente e comprometida coas desigualdades do mundo.

Obxectivos: dar a coñecer á comunidade galega a situación de vulneración dos dereitos da infancia nos países menos desenvolvidos e actuar en consecuencia.

Poboación beneficiaria directa: profesorado e alumnado dos centros públicos e concertados de secundaria e bacharelato de Galicia; 7 centros de Formación e Recursos do Profesorado; sedes de Unicef en Galicia.

Orzamento total do proxecto: 10.366,68€

Axuda Xunta de Galicia: 9.330€ (2009: 9.330€ - 2010: 0€)

4.2 CONVOCATORIA 2008 DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN

No ano 2008 foron 16 os proxectos de sensibilización aprobados pola Xunta de Galicia. As actuacións desenvolvéronse nos anos 2008 e 2009 con financiamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE por un total de 276.277€, dos que 117.072€ corresponden ao ano 2009.

Os proxectos con financiamento son os seguintes:

01 Capacitación dos profesionais de enfermaría galegos como axentes de sensibilización e educación para o desenvolvemento

Axente: Fundación para el Desarrollo de la Enfermería

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 19.035€ (2008: 11.421€ - 2009: 7.614€)

02 XIV Curso-obradoiro de formación do voluntariado internacional. Interdependencia solidaria**Axente:** Fundación InterRed**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 8.155€ (2008: 4.893€ - 2009: 3.262€)**03 Fotográfica, Vidas arredor da Sida II****Axente:** Médicos do Mundo**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 17.078€ (2008: 10.247€ - 2009: 6.831€)**04 Esiximos xustiza****Axente:** Fundación Intermón Oxfam**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 19.900€ (2008: 11.940€ - 2009: 7.960€)**05 A obsesión armamentística****Axente:** Seminario Galego de Educación para a Paz**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 18.073€ (2008: 10.848€ - 2009: 7.229€)**06 Sensibilización específica de soberanía alimentaria****Axente:** Veterinarios sen Fronteiras**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 19.830€ (2008: 11.898€ - 2009: 7.932€)**07 Formación, participación e sensibilización en cooperación para o desenvolvemento e sensibilización sobre os Obxectivos do Milenio****Axente:** Asemblea de Cooperación Pola Paz**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 18.433€ (2008: 11.060€ - 2009: 7.373€)**08 Cidadanía en rede: Programa de participación, sensibilización e formación****Axente:** Fundación Entreculturas Fe e Alegría**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 20.700€ (2008: 12.420€ - 2009: 8.280€)**09 Pola dignificación dos dereitos laborais****Axente:** Solidariedade Internacional de Galicia**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 27.115€ (2008: 16.269€ - 2009: 10.846€)**10 Formando e sensibilizando en xénero****Axente:** Fundación Axuda en Acción**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 19.200€ (2008: 4.950€ - 2009: 14.250€)**11 En-cadeadas****Axente:** Amarante para o Ecodesenvolvemento**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 16.000€ (2008: 9.600€ - 2009: 6.400€)**12 Ano do xénero****Axente:** Implicadas/os no Desenvolvemento**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 12.748€ (2008: 7.649€ - 2009: 5.099€)**13 Soberanía alimentaria para o DHS****Axente:** Emaús Fundación Social**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 10.265€ (2008: 6.159€ - 2009: 4.106€)**14 IX aula itinerante do conto solidario 2008/2009****Axente:** Bicis pola Paz**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 3.000€ (2008: 1.800€ - 2009: 1.200€)**15 Formación e sensibilización da sociedade galega no ámbito da saúde e os dereitos sexuais e reprodutivos****Axente:** Asociación pola Paz e o Desenvolvemento**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 24.614€ (2008: 14.768€ - 2009: 9.846€)**16 Chinchaysuyo e a cooperación galega na fronteira ecuator-peruana. Tres anos de intervención na zona posconflicto****Axente:** Fundación Axuda en Acción**País:** Galicia**Axuda Xunta de Galicia:** 22.111€ (2008: 13.267€ - 2009: 8.844€)**4.3 CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN****1. Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade**

No ano 2009 executouse a segunda anualidade dun convenio asinado en 2008 entre a Xunta de Galicia e o Fondo

Galego de Cooperación e Solidariedade co obxectivo de poñer en marcha o Plan de sensibilización “O local é global, construíndo redes de cooperación”, que se desenvolveu en Galicia durante os exercicios de 2008 e 2009. O importe total desta actuación acadou os 125.620€: 69.610€ no 2008 e os 56.010€ restantes en 2009.

2. Universidades

No ano 2009 firmáronse dous convenios coa Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade da Coruña para a posta en marcha de actividades formativas e de sensibilización a través das correspondentes oficinas de voluntariado, co obxecto de achegar aos universitarios e á sociedade en xeral a realidade dos países do Sur.

O resumo dos citados convenios é o seguinte:

01 Plan de sensibilización 2008-2009: o local é global, construíndo redes de cooperación

Instrumento de financiamento: convenios

Axentes: FOGACOSOL - Fondo Galego de Cooperación e

Solidariedade

Código CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: achegar a cooperación internacional e a educación para o desenvolvemento á sociedade galega.

Obxectivos: consolidar a calidade das accións vinculadas á sensibilización e á cooperación ao desenvolvemento que se realizan dende as entidades locais socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Poboación beneficiaria directa: socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade: cadros políticos, persoal técnico das entidades socias (concellos e deputacións), poboación xeral destas entidades locais.

Poboación beneficiaria indirecta: a comunidade educativa galega, o tecido asociativo galego, entidades locais non socias, ONGD, sindicatos, comunidade universitaria, poboación xeral.

Orzamento total do proxecto: 146.090€

Axuda Xunta de Galicia: 125.620€ (2008: 69.610€ - 2009: 56.010€)



02 Proxecto para a realización de actividades de formación e de sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Universidade da Coruña - Oficina de Cooperación e Voluntariado

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: a través de diversas accións como seminarios e ciclos de conferencias sobre cooperación, proxectos de coñecemento da realidade e o Fondo 0,7% preténdese achegar ao público universitario e á sociedade xeral a realidade dos países do sur e a importancia da cooperación ao desenvolvemento na construción dun mundo máis xusto.

Obxectivos: sensibilizar ao estudantado e a sociedade en xeral da realidade dos países do sur e a importancia da cooperación para o desenvolvemento; difundir as diversas actuacións en cooperación ao desenvolvemento que se están a realizar, introducindo a perspectiva de xénero; aplicar de xeito práctico os coñecementos dos ámbitos de estudo dos universitarios para colaborar no desenvolvemento dos países do Sur e sensibilizar a poboación ao seu retorno, impulsar actuacións investigadoras para a formación de cidadáns e cidadás conscientes das desigualdades e con capacidade para debater sobre solucións.

Poboación beneficiaria directa: mozos/as universitarios/as, profesionais interesados/as no tema, profesores/as investigadores/as da universidade.

Poboación beneficiaria indirecta: público xeral.

Orzamento total do proxecto: 107.500€

Axuda Xunta de Galicia: 40.000€

03 Proxecto para a realización de programas de formación e de sensibilización en cooperación internacional e axuda ao desenvolvemento

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Universidade de Santiago de Compostela - Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU)

Código/s CRS: 99820 (sensibilización sobre os problemas relacionados co desenvolvemento)

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: preténdese achegar ao público universitario e á sociedade en xeral a realidade dos países en vías de desenvolvemento e a importancia da cooperación na construción dun mundo máis xusto, e así atenuar a desigualdade socioeconómica existente.

Obxectivos: sensibilizar ao estudantado e á sociedade en xeral da realidade dos países en vías de desenvolvemento e da importancia da cooperación internacional.

Orzamento total do proxecto: 32.340€

Axuda Xunta de Galicia: 21.900€

05 Actuacións

DE FORTALECEMENTO DE ONGD

5.1 CONVOCATORIA 2009 DE FORTALECEMENTO E CONSOLIDACIÓN DE ONGD

No ano 2009 a Xunta de Galicia adicou á convocatoria de actuacións de fortalecemento de ONGD un total de 282.580€, que beneficiaron a 14 organizacións. Os proxectos aprobados desenvólvense en dúas anualidades: a de 2009 dotada con 176.668€ e rematarán no ano 2010 cun financiamento de 105.912€.

Os 19 proxectos que contan con financiamento son os seguintes:

01 Fortalecer a área de acción social (educación para o desenvolvemento, sensibilización e incidencia política) de Paz e Desenvolvemento Galicia ONGD

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Asociación pola Paz e Desenvolvemento

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: fomentar o desenvolvemento dunha cidadanía galega responsable, activa, informada e crítica que loite pola consecución dunhas relacións máis xustas e solidarias.

Obxectivos: fortalecer a Área de Acción Social de Paz e Desenvolvemento-Galicia ONGD nos seus tres eixes: educación para o desenvolvemento, acción social e incidencia política.

Orzamento total do proxecto: 19.778,20€

Axuda Xunta de Galicia: 17.800 € (2009: 17.800€ - 2010: 0€)

02 Fortalecer as políticas comunicacionais de Amarante e da Solidariedade Galega

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Asociación Amarante Setem

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: fortalecer e mellorar – en alianza con Agareso – dinámicas comunicacionais da solidariedade galega que permitan avanzar na incidencia social dun modelo galego de solidariedade.

Obxectivos: fortalecer e mellorar as políticas de comunicación interna de Amarante que permita unha maior penetración dos socios e socias de Amarante incidindo nunha participación máis activa da base social de Amarante na intervención social da mesma; fortalecer e mellorar as políticas de comunicación externa de Amarante atendendo a realidade informativa galega.

Orzamento total do proxecto: 28.185€

Axuda Xunta de Galicia: 24.985€ (2009: 14.991€ - 2010: 9.994€)

03 Fortalecemento da delegación en Galicia de Acción Contra a Fame II

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Acción Contra a Fame

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: impulsar as iniciativas de consolidación e fortalecemento das ONGD que pretenden que as organizacións galegas sexan capaces de completar na nosa comunidade a maior parte do ciclo do proxecto.

04 Fortalecemento da área de educación para o desenvolvemento da Fundación Entreculturas en Galicia (3ª fase)

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Fundación Entreculturas - Fe e Alegría

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: promover o fortalecemento da área de educación para o desenvolvemento da Fundación Entreculturas en Galicia.

Obxectivos: impulsar as delegacións de Galicia nas liñas de acción do Plan estratéxico 2008-2012 nas áreas de educación para o desenvolvemento e sensibilización, migracións e interculturalidade, voluntariado e desenvolvemento da estrutura territorial, vencelladas á execución da Campaña cidade planeta.

Orzamento total do proxecto: 36.500€

Axuda Xunta de Galicia: 18.000€ (2009: 10.800€ - 2010: 7.200€)

05 Fortalecemento da capacidade de xestión de ACPF Galicia

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Asemblea de Cooperación Pola Paz (ACPP)

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: contribuír ao fortalecemento da capacidade de xestión do equipo da Asemblea de Cooperación Pola Paz Galicia e a súa rede de apoio.

Obxectivos: mellorar a integración operacional do compoñente sensibilización (aplicado ao ciclo de proxectos executados dende a Asemblea de Cooperación Pola Paz Galicia) e da visualización e incidencia política das problemáticas identificadas como prioritarias pola organización na súa planificación.

Orzamento total do proxecto: 16.683,56€

Axuda Xunta de Galicia: 14.955€ (2009: 8.973€ - 2010: 5.982€)

06 Constitución da Rede Latinogalega

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igaxes3)

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: creación dunha rede transnacional, xunto coas contrapartes que están a desenvolver o seu traballo en Latinoamérica, que permita o intercambio de experiencias, boas prácticas e coñecemento entre as entidades que a compoñan. O proxecto desenvolverá ámbitos de traballo como a discapacidade, a extrema pobreza e a intervención con mozos e mozas en situación de risco social. Este espazo caracterízase porque, nesta primeira fase, realizarase a

través de medios virtuais que aporta a entidade (Igaxes3).

Obxectivos: establecer contactos coas entidades interesadas e crear un calendario de traballo.

Orzamento total do proxecto: 18.400€

Axuda Xunta de Galicia: 16.000€ (2009: 9.600€ - 2010: 6.400€)

07 Mellorar a planificación e xestión da asociación Equus Zebra

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Equus Zebra

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: mellorar a estrutura e capacidade da organización de Equus Zebra-Galicia.

Obxectivos: mellorar a planificación e xestión da asociación.

Orzamento total do proxecto: 23.197,16€

Axuda Xunta de Galicia: 10.440€ (2009: 6.264€ - 2010: 4.176€)

08 Fortalecemento das áreas de comunicación e voluntariado de SIG

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: aumentar a presenza de SIG entre a sociedade galega a través da información e a participación.

Obxectivos: mellorar a comunicación interna de SIG; mellorar a comunicación externa e aumentar a base de voluntariado de SIG.

Orzamento total do proxecto: 33.783,33€

Axuda Xunta de Galicia: 24.930€ (2009: 14.958€ - 2010: 9.972€)

09 Fortalecemento do grupo xestor da Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos (ISAP)

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Emaús Fundación Social, Veterinarios sen Fronteiras, Amarante, A Cova da Terra

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: fortalecer e potenciar ao grupo xestor da agrupación de entidades da Iniciativa pola Soberanía Alimentar dos Pobos (ISAP) de Galicia aumentando a súa capacidade de traballo conxunto, presenza e accións de sensibilización e incidencia en soberanía alimentaria e consumo responsable.

Orzamento total do proxecto: 37.944€

Axuda Xunta de Galicia: 31.944€ (2009: 19.166€ - 2010: 12.778€)

10 Centro de recursos Kandaharia: a educación e o traballo en rede como base dunha nova sociedade

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento
Axente: Asociación Cultural de Cooperación e Desenvolvemento A Cova da Terra.

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: aumentar o coñecemento e afondar na sensibilización da cidadanía galega con respecto á importancia dun consumo consciente e responsable e as súas implicacións na situación dos países empobrecidos e no medio ambiente, e nomeadamente achegar estas inquiredanzas á poboación máis nova.

Obxectivos: consolidar a oferta de formación e sensibilización para o sector máis novo da poboación a través do programa educativo sobre consumo responsable e comercio xusto, nomeadamente nos centros do rural; asegurar un apoio para xestión e dinamización das ONG do consorcio e o seu traballo en rede; formación de socios, voluntarios, e mellora do achegamento aos mesmos a través das TIC.

Orzamento total do proxecto: 44.446,24€

Axuda Xunta de Galicia: 32.000€ (2009: 19.200€ - 2010: 12.800€).

11 Consolidación da área de cooperación internacional especializada en hemofilia e saúde

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento
Axente: Asociación Galega de Hemofilia

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: realizar proxectos que garantan o desenvolvemento das persoas con hemofilia e discapacidade no exterior.

Obxectivos: constituír a área de cooperación ao desenvolvemento no exterior; conseguir que 6 profesionais de Agadhem e Cogami teñan polo menos 30 horas de formación sobre os aspectos técnicos das diferentes fases dun proxecto de desenvolvemento; conseguir a identificación de polo menos dous proxectos de cooperación ao desenvolvemento das persoas con discapacidade do Perú; formular polo menos dous proxectos de cooperación ao desenvolvemento das persoas con hemofilia e discapacidade; elaborar o Plan estratéxico plurianual de Agadhem, para establecer os parámetros da área de cooperación ao desenvolvemento.

Orzamento total do proxecto: 31.331,64€

Axuda Xunta de Galicia: 23.000€ (2009: 13.800€ - 2010: 9.200€)

12 Consolidación III Fase reforzo das áreas de traballo de Educación sen Fronteiras (ESF) Galicia

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento
Axente: Educación sen Fronteiras

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: fortalecemento da rede de delegacións de ESF como motor de cambio na sociedade a través da educación para o desenvolvemento.

Obxectivos: fortalecer e consolidar a área de educación para o desenvolvemento na delegación de ESF Galicia e nos seus grupos territoriais, que contribúan de una maneira máis significativa á sensibilización sobre os temas de xustiza, igualdade, desenvolvemento e participación cidadá e o compromiso de mozos e mozas e de educadores de ámbitos formais e non formais.

Orzamento total do proxecto: 31.362€

Axuda Xunta de Galicia: 17.560€ (2009: 10.536€ - 2010: 7.024€)

13 Desenvolvemento da planificación estratéxica e fortalecemento da área de cooperación do SGEP

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento
Axente: Seminario Galego de Educación para a Paz (SGEP)

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: reforzar e consolidar institucionalmente o SGEP como axente estratéxico da cooperación ao desenvolvemento en Galicia, impulsando e promovendo a participación social e cidadá nas accións que contribúan a un maior enriquecemento en materia de educación e cooperación para o desenvolvemento da sociedade galega na defensa dos dereitos humanos e a xustiza social con calidade e eficiencia.

Obxectivos: realizar a comunicación interna e externa de forma eficaz e eficiente e implementación de novas modalidades de accións formativas; mellorar a eficiencia do SGEP na xestión e planificación dos recursos, actividades e proxectos de cooperación e educación para o desenvolvemento; reforzar espazos de reflexión e participación para o fomento da cultura de paz e a codivisión de valores democráticos, nos que o SGEP poida impulsar unha rede de iniciativas consorciadas con outros axentes da cooperación galega e do mundo da educación.

Orzamento total do proxecto: 26.866,40€

Axuda Xunta de Galicia: 18.916€ (2009: 11.350€ - 2010: 7.566€)

14 Consolidación da importadora de comercio xusto de Taller de Solidariedade

Instrumento de financiamento: proxectos de fortalecemento

Axente: Fundación Taller de Solidariedade

Código/s CRS: 92010 (apoio ás ONGD nacionais)

Zona de actuación: Galicia

Descrición: contribuír ao fortalecemento da ONG Taller de Solidariedade en Galicia.

Obxectivos: consolidar a actividade da importadora de comercio xusto de Taller de Solidariedade.

Orzamento total do proxecto: 22.366,96 €

Axuda Xunta de Galicia: 18.000€ (2009: 10.800€ -

2010: 7.200€)

5.2 CONVOCATORIA 2008 DE FORTALECEMENTO E CONSOLIDACIÓN DE ONGD

A convocatoria de actuacións de fortalecemento do ano 2008 serviu para poñer en marcha 9 proxectos bianuais doutras tantas ONGD por un importe correspondente ao ano 2009 de 62.264€. O desenvolvemento bianual previsto para estas actuacións rematou no exercicio 2009.

01 Fortalecemento do departamento de sensibilización e mellora da capacidade de xestión

Axente: Farmacéuticos Mundi

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 18.000€ (2008: 10.800€ -

2009: 7.200€)

02 Fortalecemento Médicos do Mundo Galicia 2008

Axente: Médicos do Mundo

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 17.999€ (2008: 10.799€ -

2009: 7.200€)

03 Fortalecemento da área de educación para o desenvolvemento da Fundación Entreculturas en Galicia (2ª fase)

Axente: Fundación Entreculturas, Fe e Alegría

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 15.600€ (2008: 9.360€ -

2009: 6.240€)

04 Consolidación III fase: reforzo das áreas de traballo

Axente: Amigos da Terra Galicia-Xuventude

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 21.490€ (2008: 12.894€ -

2009: 8.596€)

05 Fortalecemento incidencia Veterinarios sen Fronteiras 2

Axente: Veterinarios sen Fronteiras

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 14.000€ (2008: 8.400€ - 2009: 5.600€)

06 Formación de voluntariado e persoal laboral e fortalecemento da área de cooperación

Axente: Solidariedade Internacional de Galicia

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 22.376€ (2008: 13.426€ -

2009: 8.950€)

07 Fortalecemento da delegación en Galicia de Acción Contra a Fame

Axente: Fundación Acción Contra a Fame

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 15.195€ (2008: 9.117€ - 2009: 6.078€)

08 Fortalecemento e consolidación institucional de Educación sen Fronteiras en Galicia

Axente: Educación sen Fronteiras

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 14.100€ (2008: 8.460€ - 2009: 5.640€)

09 Implantación do plan de empresa da importadora de comercio xusto de Taller de Solidariedade

Axente: Fundación Taller de Solidariedade

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 16.900€ (2008: 10.140€ -

2009: 6.760€)

5.3 CONVENIOS DE COLABORACIÓN PARA ACTIVIDADES DE FORTALECEMENTO

1. Coordinadora Galega de ONGD

A Xunta de Galicia e a Coordinadora Galega de ONGD pecharon no 2009 a segunda anualidade dun convenio asinado no 2008 través do cal a Xunta subvencionou con 180.000€ (90.000 en 2008 e outros 90.000 en 2009) as liñas estratéxicas da Coordinadora Galega de ONGD e proxectos de fortalecemento do sector da cooperación ao desenvolvemento galego.

Liñas estratéxicas da Coordinadora Galega de ONGD 2008-2009. Proxecto de fortalecemento do sector da cooperación galega para o desenvolvemento

Axente: Coordinadora Galega de Organizacións non Gubernamentais

País: Galicia

Axuda Xunta de Galicia: 180.000€ (2008: 90.000€, 2009: 90.000€)

06 Formación

6.1 CONVOCATORIA 2009 DE BOLSAS DE FORMACIÓN DE EXPERTOS EN COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

A política de cooperación para o desenvolvemento de Galicia experimentou nos últimos anos un importante crecemento tanto nos medios e instrumentos que move coma na extensión xeográfica que abrangue. A cooperación galega mira cara ao futuro aproveitando este crecemento e apostando pola formación de recursos humanos coma un dos piares básicos nos que apoiarse. Mellorar a formación dos efectivos dedicados á cooperación para o desenvolvemento redonda ademais nunha maior eficacia e eficiencia dos recursos que Galicia destina a estas políticas.

As bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento, completan a formación académica dos titulados universitarios con estadías na Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, nos distintos proxectos que a Xunta está a executar en países prioritarios da cooperación galega, en oficinas técnicas de cooperación (OTC) dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) ou en sedes de organismos internacionais.

Na convocatoria 2009 de bolsas de formación de expertos en cooperación para o desenvolvemento a Xunta de Galicia concedeu 14 bolsas dotadas cun orzamento global de

227.160€. Tres destas bolseiras estiveron destinadas nas oficinas da Xunta en cooperación exterior. Os 12 restantes repartíronse entre diferentes países prioritarios para a Cooperación Galega: 10 nas OTC de Cabo Verde, Senegal, Mozambique, Ecuador, Bolivia, Haití, Honduras, Guatemala, Perú e República Dominicana e 2 nas sedes da FAO e Unifem en Angola e Ecuador, respectivamente.

6.2 CURSOS DE FORMACIÓN UNIVERSIDADES

No ano 2009 a Xunta de Galicia asinou coas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña dous convenios no eido da formación universitaria en materia de cooperación internacional que contaron cunha achega da Xunta de Galicia de 81.800€ para as seguintes actuacións:

01 Apoio á realización do “Máster en xestión da cooperación internacional e das ONGD (X edición)”

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Universidade de Santiago de Compostela. Facultade de Ciencias Políticas e Sociais.

Código/s CRS: 11420 (educación universitaria)

Zona de actuación: Santiago de Compostela

País: España

Rexión: Europa

Descrición: formación de futuros administradores públicos que adquiren unha capacidade dirixente especializada na

cooperación internacional, con vista ao seu desenvolvemento no sector público.

-Formación de futuros recursos humanos para as actividades de xestión nas ONGD dedicadas á cooperación internacional.

-Especialización na elaboración, xestión e seguimento de proxectos de cooperación para o desenvolvemento por áreas xeográficas.

Obxectivos:

-Formación de directivos e especialistas na xestión pública da cooperación internacional e das ONGD, prestando especial atención á cooperación na África Subsahariana e América Latina.

-Estudo específico das relacións sociais, económicas, políticas e xurídicas nas áreas da África Subsahariana e América Latina.

Poboación beneficiaria: o máster está dirixido a licenciados, enxeñeiros, arquitectos ou diplomados con dous anos de experiencia.

Orzamento total do proxecto: 129.855€

Axuda Xunta de Galicia: 56.800€

02 Apoio á realización do “Curso de formación específica de posgrao sobre cooperación internacional ao desenvolvemento e xestión de organizacións non gobernamentais (5ª edición)”

Instrumento de financiamento: convenios

Axente: Instituto Universitario de Estudos Europeos “Salvador de Madariaga” da Universidade da Coruña

Código/s CRS: 11420 (educación universitaria)

Zona de actuación: Galicia

País: España

Rexión: Europa

Descrición: contribuír á mellora continua da cooperación para o desenvolvemento galego de forma que as intervencións xurdidas dende esta comunidade redunden no beneficio das persoas máis desfavorecidas nos países do sur e promovan en último termo a loita contra a pobreza e as metas establecidas nos obxectivos de desenvolvemento do milenio de Nacións Unidas.

Obxectivos: formar a expertos en cooperación ao desenvolvemento que poidan traballar nos centros públicos e privados nacionais e internacionais da cooperación ao desenvolvemento, así como mellorar as habilidades de xestión das persoas que participan nas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento para que poidan formular e xestionar os seus proxectos e actuacións cun maior grao de eficacia e eficiencia.





Poboación beneficiaria: Os alumnos que participen no curso de formación específica de posgrao, entre 20 e 30 persoas.

Orzamento total do proxecto: 35.000€

Axuda Xunta de Galicia: 25.000€

6.3 OUTROS CURSOS

Curso sobre Ferramentas técnicas para a compra responsable na administración pública

Tamén no ano 2009, a dirección xeral apoiou un curso sobre “Ferramentas técnicas para a compra pública responsable”, organizado por Amarante no mes de outubro, co fin de incrementar os coñecementos por parte dos técnicos/as das distintas administracións das ferramentas prácticas para a implantación de criterios de compra pública responsable nos trámites da contratación na Administración.

A contribución financeira da Xunta de Galicia para esta actividade foi de 4.988€.

Seminario “Cooperación U.E.- ONGD rexionais e locais. Vías de acceso ao financiamento comunitario para a cooperación ao desenvolvemento”

A dirección xeral en colaboración coa Fundación Galicia Europa, organizou unha visita a Bruxelas dunha delegación da Coordinadora Galega de ONGD cuxo obxecto principal

era a participación nun seminario titulado “Cooperación U.E.-ONGD rexionais e locais. Vías de acceso ao financiamento comunitario para a cooperación ao desenvolvemento”, no que participaron representantes da Dirección Xeral da Comisión Europea competente en materia de cooperación para o desenvolvemento (AIDCO), na súa calidade de responsables dos diferentes programas da U.E. na citada materia, así como representantes da Confederación Europea de ONGD “Concord Europe”.

O seminario perseguía un dobre obxectivo: propiciar o encontro dos representantes da Coordinadora Galega de ONGD con responsables da Comisión Europea en materia de cooperación para o desenvolvemento e intercambiar experiencias entre os representantes galegos e outras coordinadoras europeas a fin de identificar accións conxuntas que poidan enmarcarse en programas europeos.

A delegación da Coordinadora tamén realizou unha visita ás sedes de diversas institucións comunitarias.

Escola de verán sobre dereitos humanos e cooperación

Por outra banda, e tamén en colaboración coa USC, confirmouse o apoio financeiro na docencia do curso “Escola de verán sobre dereitos humanos e cooperación”, cuxo fin é lograr achegar á maior poboación galega e outros interesados o coñecemento sobre o desenvolvemento humano do mundo desfavorecido.

A actividade contou cunha contribución financeira da Xunta de Galicia de 5.000€

07 Coordinación

INTERADMINISTRATIVA

7.1 II ENCONTRO DE COMUNIDADES AUTÓNOMAS E COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

Representantes da Xunta de Galicia asistiron os días 21 e 22 de maio de 2009 na localidade de Mérida ao II Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación ao Desenvolvemento. Neste foro, responsables de todas as axencias e departamentos de cooperación das comunidades autónomas reuníronse cos responsables da AECID para abordar novos modelos de loita contra a pobreza e procurar unha maior coordinación nas actuacións en materia de cooperación exterior entre as comunidades e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

No encontro abordáronse cuestións coma os mecanismos de coordinación e complementariedade no Plan director 2009-2012; o artellamento de actores sobre o terreo no marco multilateral; o programa Art-Gold e o Real decreto sobre subvencións de cooperación para o desenvolvemento. Tamén se levaron a cabo distintos obradoiros temáticos sobre cuestións coma a harmonización das convocatorias de subvencións, os retos e estratexias da educación para o desenvolvemento; os mecanismos de cooperación no terreo na chamada “cooperación directa” e a xestión de información compartindo bases de datos.

7.2 CONSTITUCIÓN DA CONFERENCIA SECTORIAL DE COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO

O 28 de outubro de 2009 o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, Jesús Gamallo, participou en Madrid representando á Xunta de Galicia na constitución da Conferencia Sectorial de Cooperación para o Desenvolvemento, un dos compromisos recollidos no III Plan director da cooperación española 2009-2012. No seu seo, trataranse todos os asuntos relativos á cooperación internacional para o desenvolvemento que formulen as distintas institucións.

Nesta conferencia sectorial están representados por parte do Estado os ministerios de Política Territorial e Asuntos Exteriores e Cooperación. Ademais, forman parte da mesma a Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e a Secretaría de Estado de Cooperación Territorial. Os responsables de Cooperación Internacional das comunidades autónomas e a Federación Española de Municipios de Provincias conforman o resto dos membros deste órgano, que se marcou como obxectivo xuntar esforzos e coordinar mellor a axuda exterior que prestan o Estado, as comunidades autónomas e os concellos.

Este foro, que conta co beneplácito da Xunta de Galicia, e responde a unha demanda das comunidades autónomas ao Goberno central, de poder contar cunha canle institucio-

nal áxil e eficaz para intercambiar experiencias, dialogar e sumar esforzos na axuda ao desenvolvemento. O peso da cooperación autonómica no conxunto estatal esixía cumprida resposta a esta petición.

A Xunta de Galicia considera esta conferencia sectorial un foro de encontro para a coordinación entre o Estado, as comunidades e os concellos seguindo o principio de cooperación interadministrativa propio dun Estado descentralizado. Para o Goberno galego é un instrumento útil para acadar unha maior eficiencia e equidade da cooperación española ao desenvolvemento. Nun momento de crise económica, é importante poñer o acento na busca da maior eficiencia posible das axudas públicas, para acadar cos recursos limitados unha maior calidade e impacto das actuacións de cooperación internacional.

públicas de creación e recuperación de ámbitos de cohesión nas cidades históricas de América Latina a través da transformación e a mellora do espazo urbano.

Á citada convocatoria, desta iniciativa promovida polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, presentáronse 30 traballos procedentes de 18 países, séndolle concedido o Premio ao proxecto titulado *Muralla Abierta. Ciudad Vieja de Montevideo*, presentado pola Intendencia Municipal de Montevideo (Uruguai).

7.3 PREMIO SANTIAGO DE COMPOSTELA DE COOPERACIÓN URBANA

A Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E. colaborou a nivel institucional co Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela e coa AECID, na convocatoria da edición 2009 do Premio Santiago de Compostela de Cooperación Urbana, destinado a recoñecer e fomentar iniciativas

08 Conmemoracións

DE DATAS SIGNIFICATIVAS PARA A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

8.1 DÍA DO COOPERANTE

O 8 de setembro celébrase o Día do Cooperante, coincidindo coa data de aprobación no ano 2000 da Declaración do milenio de Nacións Unidas. Esta data recoñece o traballo de máis de 1.400 españois nas zonas máis desfavorecidas do mundo. A Declaración do milenio de Nacións Unidas propiciou que 189 xefes de Estado se comprometeran co cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio. Na Declaración asinada na sede da ONU en Nova Iorque, establécese o compromiso de todos os países membros de empregar e potenciar a cooperación internacional *“para resolver os problemas internacionais de carácter económico, social, cultural ou humanitario”*.

A Xunta de Galicia celebrou o Día do Cooperante de 2009 dun xeito moi especial, cunha sentida homenaxe no nome de todos os galegos e as galegas, aos cooperantes que traballan cada día por diminuír as desigualdades no mundo. O Goberno galego personalizou esta homenaxe nos catro cooperantes de Galicia falecidos nos últimos once anos mentres realizaban o seu labor en distintas partes do mundo. Ao seu recordo está adicada a placa que o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, descubriu o 8 de setembro nos xardíns de San Caetano, sede da Xunta de Galicia en Santiago.

“En memoria dos cooperantes. Polo seu exemplo de solidariedade” reza esta placa que recolle os nomes dos catro cooperantes falecidos: Manuel Cota Cabanillas (1998 Honduras), Henrique Aller López (1999 Perú), Mercedes Arteche Prieto (1999 Perú) e José Ignacio Salgado Blanco (2008 Perú). Os seus familiares e unha representación das ONGD galegas asistiron a este acto. O presidente da Xunta agradeceu o labor dos cooperantes e a súa achega á construción dun mundo no que a xustiza e a igualdade non sexan só palabras, senón que cada día se convertan nunha realidade máis próxima.

8.2 DÍA DOS DEREITOS HUMANOS

O 10 de decembro de 2009 a Xunta de Galicia celebrou o Día dos Dereitos Humanos, que conmemorou este ano o 61 aniversario da Declaración de dereitos humanos asinada en París no 1948. Nunha declaración institucional, o Goberno galego sinalaba esta data coma o fito para valorar os logros acadados e reflexionar sobre os retos futuros para acadar o efectivo respecto e cumprimento dos dereitos humanos en todo o mundo e tamén en conmemoración desa data publicáronse e distribuíronse 6.000 exemplares da *“Convención sobre os dereitos do neno”* nunha edición bilingüe galego-castelá.





09 Comunicación

E PUBLICACIÓN

9.1 A PÁXINA WEB WWW.COOPERACIONGALEGA.ORG E A ACTUALIZACIÓN DOS RECURSOS EDUCATIVOS

A páxina web da cooperación galega creouse como un espazo de encontro e intercambio. A través dela canalízase a información que se xera no ámbito das ONGD e todos os actores que en Galicia operan no eido da cooperación, e nomeadamente as actuacións que leva a cabo dende a Xunta de Galicia a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea. Nesta liña, e co fin de que a páxina sexa cada vez máis dinámica, de fácil navegación e útil para todos os usuarios/as que accedan a ela, procedeuse durante o ano 2009 á readaptación do portal web da cooperación galega, con capacidade para albergar un espazo multimedia máis completo.

Actualización do Catálogo de recursos educativos

www.cooperaciongalega.org conta cun espazo no que recolle o Catálogo de recursos educativos, actualizados e renovados coa nova convocatoria de sensibilización 2009. O obxectivo deste catálogo é achegar ao profesorado os proxectos destinados ao ámbito educativo, así como proporcionar unha ferramenta útil para que o profesorado poida participar activamente na educación para o desenvolvemento, coa que gran parte dos docentes galegos están comprometidos e involucrados.

O catálogo vía web ten como obxecto que a páxina sexa un banco de recursos on line que ofrezca ao profesorado todos os materiais educativos. Estes encádranse en dous

grandes ámbitos de traballo docente: no primeiro, os recursos e materiais de cooperación exterior susceptibles de empregarse como apoio curricular directo de materias específicas (educación para a cidadanía, ciencias do mundo contemporáneo, etcétera), no segundo ámbito, e complementario ao primeiro, sitúanse os recursos que se constitúen en banco de materias transversais e de educación en valores destinados especialmente ao traballo de acción tutorial, e non en materias específicas.

9.2 BOLETÍN GALICIA COOPERA

Cunha periodicidade mensual, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea edita o boletín "Galicia Coopera". En formato electrónico, este boletín recolle e divulga eventos e información que están na páxina web da cooperación galega, recompilados e maquetados para que os subscritores/as dispoñan das novidades e a información que xerou no mes anterior o espazo multimedia:

www.cooperaciongalega.org

Entre os seus contidos, están as novas máis relevantes da cooperación galega no último mes, os eventos previstos en axenda para os meses vindeiros e as datas sinaladas no "taboleiro" (convocatorias en vigor de calquera entidade vencellada coa cooperación, cursos de formación e ofertas de emprego).

Actualmente reciben os primeiros días de cada mes o "Galicia Coopera" preto de 600 subscritores/as. A subscrición faise a través da páxina web da cooperación galega, no espazo "Date de alta no boletín".



10 Estudos

E INFORMES

10.1 PROPOSTA PARA O II PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA 2010-2013

O II Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013 responde ao mandato da Lei 3/2003 de cooperación galega para o desenvolvemento, que establece que a citada cooperación debe articularse en plans directores cuadrienais e en plans anuais. Concluído o período de vixencia do I Plan director da cooperación galega 2006-2009, cómpre acometer un segundo ciclo de planificación 2010-2013.

Para tal fin contratáronse os servizos dun equipo do *Instituto Complutense de Estudios Internacionales* (ICEI), baixo a dirección do director do citado centro, José Antonio Alonso, académico de gran prestixio a nivel internacional no ámbito da cooperación ao desenvolvemento.

O referente central deste plan segue a ser o esforzo dos doadores ao desafío que comporta a realización plena dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM). Ao tempo, a Axenda de París da eficacia da axuda, promovida en 2005 desde a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), e o posterior Programa de acción de Accra, acordado en 2008, que inciden na eficacia da axuda, constitúen referentes obrigados para todos os doadores, e a cuxos principios pretende responder este novo plan director.

En definitiva, o II Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013 pretende ser unha ferramenta útil, un adecuado instrumento de planificación, que lle permita a Galicia realizar unha contribución eficaz e ordenada aos procesos de desenvolvemento dos países do sur, partindo do recoñecemento das dificultades que para todos representan as especiais condicións económicas que caracterizan o momento presente.

O diagnóstico da traxectoria seguida pola cooperación galega ao longo do período 2006-2009, de igual xeito que a avaliación do I Plan director, poñen de manifesto que, aínda que se detectan certos avances no noso sistema de cooperación, son aínda moitas as debilidades e deficiencias que deben ser obxecto de corrección e que se pretenden corrixir co novo Plan director da cooperación galega: escasa dimensión da cooperación, falta de previsibilidade dos recursos, demasiada dispersión das axudas, debilidade do tecido de cooperación, etc.

10.2 AVALIACIÓN DO I PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA 2006-2009

A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento define un modelo para a programación da axuda baseado na elaboración de plans directores de carácter cuadrienal, que deben conter unha definición precisa das

prioridades e dos recursos comprometidos para a execución das intervencións de cooperación durante o seu período de vixencia. Neste modelo lexislativo, a avaliación dos instrumentos de programación desempeña un papel crucial para a mellora da calidade da axuda.

A finais do último ano de vixencia do I Plan director da cooperación galega (2006-2009), a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE encargou a un equipo técnico da Universidade de Santiago de Compostela dirixido por Carlos Teijo García a avaliación do citado I Plan director.

O obxectivo prioritario deste exercicio avaliador foi obter ensinanzas sobre a aplicación das estratexias de cooperación definidas para o período 2006-2009, a fin de xerar un proceso de aprendizaxe que resultase útil para a formulación dun novo ciclo de planificación da axuda galega (II Plan director 2010-2013).

Cómpre ter en conta a importante dimensión participativa desta avaliación, na que se tiveron en conta os diferentes actores da cooperación galega mediante entrevistas persoais e cuestionarios respondidos por un conxunto representativo de informantes clave.

11 Orzamento

DE COOPERACIÓN 2009

	ACTUACIÓNS Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E	Comprometido 2007-2008	Comprometido 2009	Total executado 2009
Proxectos no exterior	Convocatoria proxectos ONGD	1.484.885 €	1.806.602 €	3.291.487 €
	Convocatoria proxectos outros axentes	105.693 €	202.107 €	307.800 €
	Convocatoria programas	813.449 €	735.359 €	1.548.808 €
	Convocatoria microproxectos	-	89.205 €	89.205 €
	Convenios de colaboración	1.109.682 €	1.902.096 €	3.011.778 €
	Subtotal	3.513.709 €	4.735.369 €	8.249.077 €
Fundación Axencia Humanitaria de Galicia	Accións humanitarias e de emerxencia e gastos de funcionamento		776.000 €	776.000 €
Sensibilización	Convocatoria sensibilización	117.072 €	213.323 €	330.395 €
	Convenio Fondo Galego de Coop. e Solid.	56.010 €		56.010 €
	Convenios Universidades		61.900 €	61.900 €
	Subtotal	173.082 €	275.223 €	448.305 €
Fortalecemento	Convocatoria fortalecemento ONG	62.264 €	176.668 €	238.932 €
	Convenio Coordinadora Galega de ONG	90.000 €		90.000 €
	Subtotal	152.264 €	176.668 €	328.932 €
Formación	Convenios cursos universidades		81.800 €	81.800 €
	Bolsas		227.160 €	227.160 €
	Outros cursos, estudos e informes		338.025 €	338.025 €
	Subtotal	0 €	646.985 €	646.985 €
TOTAL Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa U.E		3.839.055 €	6.610.244 €	10.449.299 €
	ACTUACIÓNS doutros departamentos da Xunta de Galicia	Comprometido 2007-2008	Comprometido 2009	Total executado 2009
Actuacións cooperación no exterior	Consellería do Mar		657.052 €	657.052 €
	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas		450.000 €	450.000 €
	Cosellería de Sanidade		69.000 €	69.000 €
	Subtotal	0 €	1.176.052 €	1.176.052 €
TOTAL outros departamentos		0 €	1.176.052 €	1.176.052 €
TOTAL XUNTA DE GALICIA		3.839.055 €	7.786.296 €	11.625.351 €

